FALLAMOS que revocando, como revocamos, la sentencia consultada que dictó el juez de primera instancia de Orense en 4 de Agosto último, debemos absolver y absolvemos á D. Manuel Curros Enriquez del delito que se le imputa, declarando que la formacion de esta causa no perjudica á su buen nombre y reputacion, y de oficio las costas de ambas instancias; y mandamos que se devuelvan al editor D. Antonio Otero los ejemplares secuestrados que llevan el título *Aires d'a miña terra*, y que se cancele la fianza prestada por el procesado.

Así por esta nuestra sentencia, definitivamente juzgando, lo pronunciamos, mandamos y firmamos.—Francisco Delgado.—Manuel Aragoneses Gil.—Mariano Valcayo de Toro.—Por el relator Castro Varela, Pelayo Catoira.

REAL ACADEMIA GALLEGA · COLLIGIT, EXPURGAT, ANOTAT ·

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

PRÓLOGO

Hé aquí un amigo dos veces sin ventura.

¡Poeta en estos tiempos, y poeta bueno para mayor mal!—Primera desdicha.

¡Y el hijo legítimo de las Musas llega á mí y me pide un prólogo!... ¿No son estas dos desgracias más grandes que todos los infortunios vistos por Dante en las espirales del *Infierno*, flagelando á la «perversa prole de Adan?»

Pero meditemos con sosiego.

¿Qué va á ser de mi amigo si no corta esa lengua divina que nos habla desde el cielo, circunstancia bastante para que nadie se pare á escucharla? Vender la dignidad y prostituir la augusta grandeza del talento, quizas lo recomendaran Horacio ó Lamartine: dejar volar el alma libre á las alturas, miéntras el eslabon carnal sufre en la tierra, es lo justo y lo grande... para algunos. Pero este glorioso camino hace pensar en Cervántes, en Quintana, en Byron, Alfredo de Musset, Gerardo de Nerval y Vesteiro; es decir: en el martirio de la vida compuesto de disgusto, sufrimiento, ingratitud, envidia, dolor, hambre, miseria y suicidio...

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

¡Bello contraste! Todos aquellos que poseen los tesoros intrasferibles en la banca de las ideas luminosas, jamas tienen que separarse, si por acaso la suerte los junta, como lo hicieron Abraham y Lot, en tiempos muy remotos, por causa de su grande opulencia.

Añon y Moreau, el poeta, fueron bastante afortunados, porque al fin alcanzaron, como premio de sus versos, un pedazo de la capa de Martin, piadosamente ofrecida en un hospital.

El primer triunfo del semidios de la literatura de este siglo hizo pensar á su mujer, lo primero, en la cuenta de la panadera. ¡Ah! Ya pocos creen en las visiones de Bethel, y sin embargo Dios sigue apareciéndose al poeta. Este levanta el altar; pero como nadie acude á él, siéntese por último desalentado; las culebras de la duda comienzan á roerle las entrañas, y en sus alucinaciones sueña con ruinas y ve pasar la muerte como el Evangelista desde el peñon de Pathmos.

Despues de estas consideraciones que yo me hago á mí mismo, ¿podría desear que la Vénus de Milo permaneciese debajo de los escombros? ¡Ay! Yo tambien tengo algo de loco y escarbaría la tierra con las uñas para devolver á la luz el precioso mármol. Por lo tanto, no diré á Curros que nos prive de sus versos.

Pero ¿cómo salir de este aprieto? ¡Que yo hable del arte, cuando de arte no entiendo una palabra! ¡Que yo me pare á contemplar bellezas, siquiera sean tan valiosas como las que contiene este volúmen, cuando deseara perforar el mundo hasta sus entrañas en busca de la Muerte, y con ella luchar, como Jacob luchó con el ángel, hasta derribarla á mis plantas!... (1)

¡Un prólogo!

Esto quiere decir, para unos, un estudio crítico de la obra á que va dedicado, y supone, en consecuencia, conocimientos superiores en quien lo escribe, de los medios por los que se llega á la realizacion de la idea que motiva dicha obra, ademas del senti-

(1) El autor de este trabajo acababa de perder á su madre cuando tuvo necesidad de escribirlo por complacer al autor de la obra, que hoy lamenta tambien igual desgracia. (*Nota del editor.*)

REAL ACADEMIA GALEGA · COLLIGIT EXPURGAT IMMOLAT

miento estético necesario para juzgar con acierto, y sabia inteligencia para poder justipreciarla.—Y éstos están en lo cierto.

Pero en general un prólogo es el discurso obligado que el introductor de embajadas pronuncia ante las barbas—siempre venerables—del mismo sujeto á quien va dirigido, y claro está que es un discurso diplomático.

Para el caso presente, lo acabado sería hacer algunas citas de eminencias (cuantas más, mejor) nacionales y extranjeras (las alemanas y las rusas son las de mayor efecto, y si el ingenio es grande, las prehistóricas y antediluvianas, soberbias), traer, aunque fuera por los cabezones, á los filósofos más modernos ó más á la moda, y por último pegar fuerte en el salterio, en los laúdes y los sistros para hacer tonalidad con el himno que va á cantar el prologuista en loor del genio prologado, si bien cuidando mucho de advertir por pudor, ó tal vez por falsa modestia, que no es oro todo lo que reluce.

¡Pues claro! ¿Qué diría si no el padre Homero desde el viejo trono que ocupa en su tumba secular?

Con todo esto, es frecuente, lo más frecuente de todas las cosas diarias, ver á más de cuatro *poetas mínimos* montados en las irreprochables narices del buen griego por sus concienzudos prologuistas, que no han reparado en tener el estribo para cometer tamaña irreverencia y desusado escarnio.

—¡Bah! ¿Qué valen las polvorientas rimas de Tirteo y de Píndaro, de Virgilio, de Estacio y de Lucano? Otro es el ideal de los novísimos tiempos. Dentro de breves dias, la lámpara de Edisson, iluminando hasta lo más abstruso y recóndito de las conciencias y los siglos, nos hará á todos sabios profundísimos, sin necesidad de levantar los velos—cosa al fin pesada—que ocultan la verdad á los ojos del hombre.

No obstante, hay que hacer constar que la mayor parte de esos abundantes ingenios que alcanzan la fortuna de ser puestos en los cuernos de la luna por las potentes fuerzas de sus prologuistas—especie de Sansones de las letras—creyendo buenamente (lo que es eso, sí) escribir con la misma pluma con que se compuso el

REAL ACADEMIA GALLEGA · COLLIGIT, EXPURGAT, NAVIGAT

Quijote ó el *Alcalde de Zalamea*, lo que hacen es escribir en griego ó en latin.

A Dios gracias, esto no le acontece á mi amigo, pues sabe perfectamente diferenciar de lenguas.

El que con reprensible rudeza describió, por dentro y por fuera, á la *Señorita de aldea*, tan gráficamente levantada sobre el pedestal de la verdad, como sin miramientos galantes escultura-da, habla como Tirso, como Herrera, el divino, ó como Luis de Leon, el fraile.

De esta vez quiso contarnos cosas hermosísimas en la dulcísima habla que oyó al nacer; y el acento de su propia madre no le aventajará en ternura, ni nuestros trovadores más afamados en gallardía, gracia y elegancia.

Líbreme Dios de caer en la tentacion de copiar aquí tal ó cual verso,—como es uso y costumbre entre gentes prologuistas y prologadas,—para probar lo que acabo de decir, y de paso poner miel en los labios del curioso, con objeto de que coja el panal entero y se lo chupe. Figúraseme á mí que el lector está demasiado acostumbrado á este sistema de los *prólogos* para parar atencion en ellos, como no sean de persona ilustre, hijos bien nacidos y bautizados. Pensando de esta manera, renuncio lógicamente á la inveterada usanza, puesto que el que suscribe, al lado de Curros Enriquez, es una sombra que desvanece la luz, apénas perceptible en los vaivenes de la llama, y presumo con acierto que nadie se detendrá á mirar los espinos qne brotan con trabajo en el erial, cuando la frescura de las cristalinas aguas convida al goce de las dulces sombras de la floresta.

No pienso cometer la extravagancia de molestar al anciano cantor de *Ilion* tomando su nariz griega por escabel de mi amigo, quien se vendría á tierra sin remedio. Pero con perfecta conviccion aseguro que si tal vez Gœthe le mirara con desden, por que este ingenio, humano por excelencia, estaba lleno de soberbia, lo mismo que el demonio que alucinó á *Fausto*, desde Sófocles á Racine, desde Shakespeare á Lope y Calderon, le oirían con benevolencia su hermoso drama *El Padre Feijóo*.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGAT AMICAT

Las obras que contiene este libro son de otro género.

Pero ¡cómo se dilata el pecho al aspirar ese aroma vivificante que despiden las rosas de Galicia, cogidas por la mano del poeta Curros en los campos de su patria!

Hay una ave de blanca pluma que solamente vive contenta posada en la superficie de los lagos trasparentes, donde se copian las crestas de la montaña con su vegetacion exuberante; surca la orilla con las alas levantadas, semejante al bajel de Jason cuando cruzaba los mares luminosos de la Grecia para ir á coger el Vellocino, y entre las múltiples florecillas que brotan al borde de las aguas, ve una, se detiene, la coge en su armonioso pico y canta luégo su hallazgo, dando así maravilloso precio á lo que nadie había apénas sospechado.

—Y ¿dónde vive esa ave? me preguntareis.

—Dentro de una mísera cárcel...

—¿Quién la tiene?

—Curros, dentro de su forma humana.

—¿Y la flor?

—Es *La Vírgen del Cristal*.

JOSÉ OJEA.

Cortegada, Marzo 10 de 1880.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, ILLUSTRAT

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

INTRODUCCION

Escribir nada mais pr' onha provincia
Ou, com' os povos árcades fixeron,
Escribir sobr' a casca d'os curtizos,
Cáxeque todo ven á ser o mesmo.

A nosa vos, n'a soledá perdida,
Morrerá sin deixar xiquera ise éco
Qu' a brisa malencónica d' outono
Deixa n'a copa azul d'os ameneiros.

Non pode ser tampouco d' outra sorte:
Pasaron xa, pra non volver, os tempos
En qu' o lenguaxe era unha cifra máxica,
Fácele sólo ó sacerdote hebreo.

As xentes tristes que n'o verbo humano
Buscan o idëal tras que correron,
Cando ó vate interrogan, novo Oráculo,
Queren revelacións, que non misterios.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Y-escribir n'unha lengua conecida
D'aqueles solo q' onda nos naceron,
¿Qu' é sinon responder ésas perguntas
En revesgados xeroulifos pérsicos?

Todo tende á únidá,lei, d'enre todas,
A máis ineusorabre d'o Progresto;
Y-él que de cen naciós un povo fixo,
Un idioma farà de cen dialeutos.

Como páran n'o mar todol-os rios,
Com' os rayos d'o sol páran n'un centro,
Todal–as lenguas han de parar n'unha,
Qu'hemos de falar todos, tarde ou cedo.

¿Por qué botar ó púbrico este libro
Si a division dialeútica condeno?
Diredes, con razon, os que leades,
Si as ledes, estas páxinas.—Diréivolo:

Cando todal-as lenguas o fin topen
Que marca á todo o providente dedo,
E c'os vellos idiomas estinguidos
Un solo idioma universal formemos;

Esa lengua pulida, idioma úneco,
Máis qu' hoxe enriquecido, e máis perfeuto,
Resúme d'as palabras máis sonoras
Qu' aquelas n'os dexairan como en herdo;

Ese idioma, compendio d'os idiomas,
Com' onha serenata pracenteiro,
Com' onha noite de luar docísimo,
Será—¿qué outro sinon?—será o gallego.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INDIXIT

Fala de niña nai, fala armoñosa,
En qu'o rogo d'os tristes rub' ó ceo
Y-en que decende a prácida esperanza
Ós afogados e doridos pleitos.

Fala de meus abós, fala en q'os párias,
De trévoa e polvo e de sudor cubertos,
Piden á terra o gráu d'a côr d'a sangue
Qu' ha de cebar á besta d'o laudemio...

Lengua enxebre, en q' as ánemas d'os mortos
N'as negras noites de silencio e medo,
Encomendan ós vivos as obrigas
Que ¡mal pecados! sin cumprir morreron.

Idioma en que garulan os paxáros,
En que falan os ánxeles ós nenos,
En qu' as fontes solouzan e marmullan
Entr' os follosos álbores os ventos;

Non, tí non morrerás, céltica musa
Náda d'a Suevia n'os chouzales pechos,
Último amor d'o páledo Macias,
Atravesado o corazon c'un ferro;

Fecundo núme d'o úneco Rei sabio
Que n'o sólio d' España tivo asento,
Arpa inmortal d'a doce Rosalía,
D'o infortunado Añon himno postreiro:

Tí non podes morrer... ¡Eso quixeran
Os desleigados que te escarneceron!
Mais tí non morrerás, Cristo d'as lenguas,
Non, tí non morrerás, ouh Nazareno!

REAL ACADEMIA GALLEGA · COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT ·

Apóstol teu, anque o máis ruin de todos,
Pr' ónde quér levarei teu Evanxelio,
O fatelo vistindo d' inominia
Que pra mofa n'as costas che puxeron.

N'o teu nome, por terras e por mares,
Ofercerei paz e salú ós enfermos,
Falareilles d'a patria ós desterrados,
De libertade e redencion ós servos.

Anunciarei o dia d'o teu trunfo
Por cibdades e vilas e desertos,
E si por t' anunciar m' apedrearen,
¡Inda ó morrer te mentarán meus beizos!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

A VIRXE D'O CRISTAL

LÊNDA (1)

Rapazas de Vilanova,
Ben vos podedes gabar;
Que non hai Virxe n'o mundo
Com' a VIRXE D'O CRISTAL.

(Cantar d'o povo.)

Almas ardentes pr'a chorar nacidas
Unha cencia que Dios non quixo darvos;
Volvoretas xentís, esparexidas
Arredor d'unha lus q' ha de queimarvos;
Almas cheas de duda, de fé espidas;
D'unha eterna inorancia eternos parvos;
Vermes envoltos n'o monton aceso
D' osos de mortos, que chamás progreso:

Paráde un pouquichiñ' o fatigoso
Paso, en que vades á rodar sin tino,
E non ó vento dedes, enganoso,
A balbucente vos d'un pelegrino,
Sombra d'un sol que nace esprendoroso,
Póla esgallada de xigante pino,
Recordo vivo d'unha idá pasada
Entr' o polvo d'os tempos enterrada.

(1) Véxans' as notas que van ó fin d'o tomo.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. AMPLIAT.

A vos amiga q' hastra vós s' astreve
É de xente de paz. Eu sonvos ave
De pio morosiño y-áas de neve,
Que só aniñar n'os campanarios sabe.
Dend' éles colle lus, dend' éles bebe
O incenso en ondas que rubíu d'a nave,
E cando cai esborrallad' a torre
Mirra as aliñas, e piando morre.

Cando teñades esta vos ouido,
Cal éco de fantástica viola,
Xa esta sombra terá desparecido,
Cinza solo quizáis será esta póla:
Estonces, que tral' último queixido,
Solo será un cadavre est' ave tola,
Almas, volved' ó voso afan, voade,
Buscad' o fin d'a cega humanidade!

¡Eu non podo seguirvos! Si amo tanto
O progreso y-a lus, ¿porqué n'a frente
Grabado hei de levar o desencanto
D'esta doc' ilusion q' o peito sente?
¿Por qué, cando profétecos levanto
Ó porvir os meus ollos, tristemente,
Fírem' a sén remordemento xordo,
E d'os pasados tempos me recordo?

Medroña queixa espállase n'o vento
Por cibdades e vilas á redonda,
Qu' inda zoa con tanto sentimento
Como n'a praia cando toupa a onda.
Ese triste queixido, ese lamento,
D' alguén vos sai que sôfre pena fonda...
É o pasado que morre! A lira daime,
E si canto ése morto... perdonaime.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Sí, eu cántovol-a vida n'o pasado;
Qu' outros canten a vida n'o futuro:
Eu d'un tesouro sei qu' está olvidado,
E pr'a sacal-o á lus a terra furo.
S'o tempo é sempr' o mesmo, y-agarrado
Vai o presente ó que pasou, seguro,
Pódia ser, ben n'a vila, ben n'aldea,
Q' útil pr'a moitos o meu canto sea.

I

Preto d'a cibdá d' Ourense,
Camiño de Celanova,
Ond' é máis tépedo o vento
Q'a terra galleg' azouta,
D'un círcolo de montanas
N' faldra, sempre verdosa,
Esténdes' un val frorido,
Cuberto d' herbas cheirosas,
Piñeirales y-arboredos
Ricos de frutas e sombra.
Alí, pol-a primaveira,
Dispois de saír d' escola,
Van os rapaces buscar
Freixós pra comer y-apóutigas;
Y-as nenas, máis delicadas,
E non com' éles golosas,
Topan alí os caraveles
Con q' os cabelos adornan,
E fan, con espriego e néveda,
Ramiños que logo esfollan.

D'este val n'o medi' e medio,
Entr' edras e musgo envoltas,
Ergue as torres un castelo,
Feito alá n' eras remotas
De pedra de sillería,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGAT AMPLIAT

Cáxeque c'o tempo roxa.
Com' est' antigo edificio
Outro non hai segun contas;
Pois diz que foi levantado
Por unha Princesa moura,
Déndesd' a posta d' o sol
Hastr' a saída d' aurora;
E ind' hai vellos que aseguran,
E pódia que certo fora,
Que debaixo d'os cementos
Q' os altos muros soportan,
Deixóu a moura Princesa
Pr'a que quen s' astreva, morra,
Sobr' unha trabe en quilibrio
Duas cántaras q' asombran:
Unha d' alquitran henchida
Y-outra de moedas e xoyas.
De sorte, que quen quixere
Coller a q' ouro atesoura,
Creba unha cántara e morre
Feito carbon baixo a outra,
Quedándos' ó mesmo tempo
Sin o santo y-a limosna.

A caron d' este castelo
Agarimadiñas todas,
Ou pol-a veiga ceibadas
Como bandada de pombas,
As retelladas troneiras
Abertas ó sol q' as doura,
Alcóntrans' as brancas casas
D'a vila de Vilanova.

Vilanova d'os Infantes
E vila de grande sona:
N' hai zapateiros n'o mundo
Que batan millol-a sola:

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

Non se cocen en ningures
Petadas qu' aquí non cozan,
E d' aquí sán pr'os teares
As millores mazarocas.
Aquí está a gracia d'os homes
Y-a fror y-a nata d'as mozas;
En fin, solo aquí naceron,
Solo aquí, Martiño e Rosa.

II

Alá pol-o ano de gracia
De mil seiscentos e trinta,
Era dóno d'o castelo
Qu' en Vilanova se ve inda,
Don Xácome Mazcareñas,
Señor de catorce vilas.
Home de fárragos vellos,
N'a corte d'o Rei vivia,
Pois gallego com' hai moitos
Dáballe noxo Galicia.
Sólo d' éla s' acordaba,
S' algunha ves o facia,
Pra cobrar rendas e foros
Sin aviso e por xusticia.

Por estas facaltruadas
Todos olleira lle tiñan,
E cando car' á Madril,
Alá pol-o vrau, saían
En carros acugulados
Diñeiro, gráus e fariñas,
Os probes d'os levadores
Que n' aqueles carros vian
Irse as mizquiñas ganancias
Con que seus fillos mantiñan,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INOVAT

De traballar eslombados,
Mentres os carretos s' iban,
Quedaban pra sí dicindo:
«¡Que de soliman che sirvan!»

Entr' a baixa servidume
Que don Xácome mantiña,
Pra que lle coide d'os eidos,
D'os bés e d'as regalías,
Estaban Martiño e Rosa:
Él pra facer as vendimas,
Pr'as sachas e pr'as decotas
D'os xardís, hortas e quintas,
Y-éla pra gardar o gando
N'as carballeiras veciñas.

D'os dous solasmentes Rosa
Dentr' o castelo vivia.
Martiño tiña vint' anos
E Rosa dazaseis tiña.
Él era un mozo arrogante,
Y-éla un feitizo de linda;
Nunca tiveran amores,
Y-anque por éla bebia
Os ventos Xan de Ventraces,
Rosiña tomába-o a risa.

Hórfos antrambos á dous,
Sin emparo n' esta vida,
Servindo os dous ó mesm' amo
Topáronse certo dia
D'estonces, Martiño e Rosa
Sentiron a alma ferida,
E quizáis que se morreran
De mal de malenconía,
S' unha mañá non quedaran
Nóivos ó sair d'a misa.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. ANNOTAT.

III

Moito deben de quererse
Os criados de Mazcareñas,
Moito deben de quererse
Cando tanto parrafean.
Todal-as noites sentados
N' un grande poyo de pedra,
Estan parolando solos
O pé d'o castelo él y-éla.

Mentira ou verdade, corre
Déndesd' a vila hastr' a aldea,
Que pra n' outono casárense
Teñen a roupa xa feita;
Per' hai quen xura e perxura,
(Nunca faltan malas lénguas)
Que d' eica q' os namorados
Sallan xuntados d'a igrexa,
Han de pasar moitas cousas
Y-han de nacer moitas herbas...

Mala cousa é n'este mundo
A condenada d'a envexa,
Mais non van descamiñados
Os q' o casamento negan;
Pois unha noite de lua,
Noite caladiña e fresca
D'o mes de Santiago, cando
Todas son frores as veigas,
Todo é aromas o campo
E doce músic' a terra,
N'a praza de Vilanova,
D'o castelo ond' a cancela,
Martiño e Rosa falaban
De semellante maneira:

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INDUAT

—Martiño, ¿qué diaño
T'es hoxe? Non falas?
Pr' estar com' o moucho
Viñeche d'a sacha?
Si cando te fuches
Noxando n' estabas
¿Qué fréma trouxeche
D'o monte pr'a casa?...
¿Picóut' unha cobra?
Guindóut' unha galla?
¿Saíronch' os lobos?
¿Botáronch' a fada?...
Respunde, Martiño,
Qué tés, qué te calas?

—Non sei como t' oyo,
Garduña eslavada;
Non sei como t' oyo
Y-estóume con calma!
¡Qué teño! ¿Qué teño
Pergústasme, maula?...
¡Qué teño! Direicho...
Pois... ¡téñoche lástema!
¡Treidora!
—¡Dios mio!
—Fiai de rapazas
Que dín que vos queren...
¡Fiai de palabras!...
—¡Martiño!
—¡O Martiño
N' impórtall' á nadia!...
—¿Per' home, toleas?
¡Asús, qué disgracia!
¡Veciños!...
—¡Non berres!
¡Non bérres... e cala!
—Per' home, si cousas

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

Me dís que m' espantan...
¡Si mesmo das medo!
¡Si os ollos che satan!,
Martiño, ven, séntate
Sosega, descansa;
Eu nada che fixen
Pr'o mal que me tratas.
Soliña n'o mundo,
De nadia mirada,
¡Faltábam' agora
Que tí me deixaras!
Pois eu ben te quero...
Por eso non marra!...
—Tí quéresme moito...
Rosiña... rosada...
Tí queresme moito...
Tí dícelo... e basta.
O mesmo dixeches
A Pedro Balada,
Y-a Xan de Ventraces
Y-o amo d'a casa,
Cand' hai ano e medio
Veu ver á labranza...
¡Que nunca él viñera!
¡Que nunca él chegara!
—¡Santísimo Cristo
D' Ourense me valla!...
—Pra q' hoxe t' axude
Xa é tarde, rapaza.
Y-eu, tolo, queria,
Y-eu, tolo, pensaba
Casarme contigo...
¡Miniña d'a casta!...
—Martiño, anque probe,
Faltar non me faltas.
¡Pois coida o que pensas!
¡Pois coida o que falas!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Pra bulra, xa abondan
Seis meses de palra...
¿Qué Xan, nin qué Pedro?
¿Tí seique tes gana?...
No, pois... Esmiólame
C'o rabo d'a sacha,
Mais déixam' a honra
Qu' é cousa sagrada!
¡Ai! Tí andas, Martiño,
Con malas compañas;
Tí xúntast' agora
Con xente malvada
E crés esas lénguas
Peores q' a rabia!
Fas ben, xa que podes.
Dend' hoxe n' hai nada
De canto pr'a boda
Decírche esperaba...
Tocant' a limpeza,
¿E pois qué pensabas?
Cristal nunca viche
Qu' a miña egualara!
—¡Rosiña!...
—¡A Rosiña
N' impórtall' a nadia!
Y-adios! S' autra queres...
Porveito che faga.—

—

D'esta sorte marmurando
Rosa, d' esconsolo chea,
Facendo como que ría
Entróu n'eo castel' á présa;
Per' anque fai que fagamos
Pra que se lle non coneza,
Ela vai limpand' os ollos
Mentres que rube a escaleira.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

N'a porta, com' onha estauta,
Martiño mórdes' a lengua,
Y-anque tose y-asubía
Como quen non sente penas,
Unha d'a boca lle sai
Y-outra n'o corpo lle queda...

Cando por fin, acordando,
Pensóu n'o que ll' arrodea,
Dixo, falando consigo:
«Ou mente Xan, ou ment' éla.»
E logo, tirando o chau
Desesperado a monteira,
Añadíu: «No, pois... si Rosa
Ten d'o cristal a pureza,
¡Xur' a Dios, Xan de Ventraces,
Que ch' hei d' arrincal' a lengua!»

IV

Namentres, ¡coitadiña! a nena namorada,
De pena esmorecida, chorand' a fio está;
Mais vive d'o castelo n'a cámar' aleixada
E nadia d'os seus males se compadecerá.

¡Miraina! Pol-o lombo caíndoll' o cabelo,
Os ollos arrasados, partid' o corazon,
Metéuse n'o seu carto, pechóu c'o taravelvo
Y-está ¡miña cousiña! xemendo n'un rincon.

D' alcoba en q' éla dorme pol-alta lumieira,
D' albahacas tapizada, mapolas y-alelís,
Esbara o branco rayo d'a lua pracenteira
Y-o recendent' aroma d'a campesina bris.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

D' alí, Rosiña escoita o burbullar d'o rio
Que d'o castelo preto dend' us penedos cai,
D'os páxaros d'a noite o resonante pio
Y-a música q' o vento n'as alboredas fai.

Mais ten tan consumid' o corazon de pena
Qu' en nada topar pode consolo nin pracer,
E chora que te chora, com' onha Madalena,
Dá lástema, abofellas, dá lástema de a ver.

Primeiro desengano d'o nos' amor primeiro,
Que trás contigo o frio d'unha mañá sin sol,
¡Tú rósnos com' os vermes a fror d'o laranxeiro,
Y-o corazon nos trocas en seco pirifól!

Por onde pasas deixas a baba corrumpida
D'a lesme venenosa, amarga com' a fel,
Convirtes n'un inferno a máis hermosa vida,
Detrás de tí non queda sinon fastío cruél!

N'o peito remordida por ese desengano,
Rosiña desbautízase, murchada de pesar;
Enxúgas' as bagullas c'a punta d'o seu pano
Y-escrama moitas veces, volvéndoas derramar:

«Eu, qu' así Dios me salve s' entend' o que me dixo!
»D' algunha mal querencia calunia debe ser,
»Por qu' eu xurar xurára, ó pé d'un crucifixo,
»Q'á nadia máis qu'él quixen, nin penso máis querer.

»Si probas m' él pidira é darllas eu pudese;
»S' a arquiña d'as virtudes poidérall' amostrar,
»Veria qué gardada, anqu' él non ll' interese,
»Aquela virtú teño qu' é meu deber gardar.»

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INDIXIT

De solouzar ó cabo e pelexar cansada
Con tanto pensamento que n'a cabeza ten,
A coitadiña Rosa deitóuse apesarada,
N'o cabezal chantando a fatigada sén.

Pouquiñ' á pouc' os ollos fóronselle pechando,
Doíñas acendidas n'a lus d'un puro amor,
Y-a Virxen entre dentes unh' oracion rezando,
Quedóuse adormecida n'un sono encantador.

Estonces, unha Señora
Toda de lus rodeada,
D' estreliñas coroada
Que como diamantes son,
C'un mantelo n'a cabeza
De pano negro, moi lindo,
Caladamente, surrindo,
Entróu pol-a habitacion.

Nunca se viu n' este mundo
Máis feiticeira criatura,
Nin pra tan grand' hermosura
Comparacion pod' haber:
Por ollos ten dous luceiros,
Por dentes pelras d'os mares,
Por greñas rayos solares,
Por risa... un amañecer.

D'as orellas pendurados
Leva us aretes de lume,
E por gallega costume,
Dengue de pano sedan;
Zoquiños de pau d' almendro
N'os pés de feitur' enana,
Y-o cinto unha muradana
Con plegues que xénio dan.

REAL ACADEMIA GALEGA · COLLIGIT, EXPURGAT, INFIXIT ·

Pasiñ' á paso, chegóuse
Á cama en que dorme Rosa,
E botándolle graciosa
Unha mirada d' amor,
Díxolle c'un tono brando,
Que música parecia:
«Rosiña, a Virxe Maria
»Tráiche consolo e favor.

»Eu ben sei qu' a tua y-alma
»Está cuberta de loito;
»Eu ben sei que sôfres moito,
»Por q' hai quen duda de tí;
»Per' eu, que déndesd' o ceo
»Coido, d' aquél que me chama,
»Eu farei—sí?—q' a tua fama
»Quede cal foi hastr' aquí.

»Non chores, miña pequena,
»Non chores máis, pastoriña;
»Eu velo por tí, miniña,
»Tí d'a miña conta estás.
»Martiño estará pesante
«Mañá quizáis d'o que figo;
»Pasado, serei contigo
»N'o monte, s' o monte vas.»

Calóuse Nosa-Señora
Y-envolta en dourada nube,
Rube... que rube... que rube...
Perdéuse n'a inmensidá
Rosa quedóuse dormindo
A seu pracer e regalo.
Pront' espertará: xa o galo
Cantóu, ventando a mañá.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. ANNOTAT.

V

—Moito madrugas huxe,
Dixo Xan de Ventraces á Martiño,
Topándo-o c'unha cara de forruxe
Pol-a mañá moi cedo n'un camiño.
—Nunca fun perguizeiro,
Repúxolle Martiño de mal modo,
Porque Martiño é pouco paroleiro.
—Pois fillo, así e todo,
Outrol-o seu negocio fan primeiro...
—And' eso... qué lle queres!...
Si foran como tí todol-os homes...
—Olla, á mal non m'o tomes,
Mais... tés pouco partido entr' as mulleres.
—Xan, levo moita présa,
Porque teño que faga n'a devesa.
Vou pra Porto d' Outeiro,
Que sinón, ten present' o que che digo,
Sobr' esas y-autras cousas que me calo
Moito tería que falar contigo,
Moito q' agora vale mais calál-o...
—Ouga! Xa t' enrabuxas?
Ai, Martiño, calquera que t' escoite
E ben non te coneza,
Dirá que non tés miólo n'a cabeza
A forza de pensar dend' ont' a noite.
Ó meu conto volvendo,
Com' antes che decia
Non hai unha muller que se non ria
D'o parviño q' és tí...—Eu non t' entendo.
Fala craro, si sabes;
Pois, o demo me leve,
Si dende que me dís cousas tan graves
Me non tés tiritando, com' a neve,
Con que... dís q' as rapazas d' o concello

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. ILNOVAT

Falan por ahí de min? ¡Mirai o diaño!
¡Pois estóuche servido!...
Pero teño entendido
Qu' inda me qués cal quer o lobo ó año.
¡Qué ll' hemos de facer! Y-eu que creía
Que nadia que falar de min tería...
—Ma... canté! Pero vives enganado,
Por q' ont' á noit' aíña,
Díxom' en certo son certa veciña
Falando de qu' estabas namorado,
Que máis sorte que tí tiña-a calquera
Esguízaro mirrado,
De pernas tortas e de cara fera.
«Y-ésto ben s' adiviña—
Dicíam' a rapaza d'o relato—
Por que, despois de q' a levou o gato
É cand' él vai en busca d'a sardiña...»
—Cálate, Xan, e vaite; qu' ind' é cedo
Pra que contig' un escarmento faga;
Non afondes a chaga...
Non me fales xa máis d'ise segredo
Que pesa sobre min com' onha praga...
N'o meu pelexo ponte:
¿Non che abondóu canto dixeches onte?...
Líscate, Xan, líscat' axiña, pronto;
Que, sin que nadia o note nin sospeite,
Cando me fagas falla, buscareite...
Porque che teño que contar un conto...
¡Ládras ben... rabeáras!
Mais, si cal tés maldá tiveras forza,
As probas d'o que dís xa m' amostraras
Sin agardar q' a gorxa che retorza.
—Martiño, logo pícaste?
Folgárame de ver qu' eras valente,
Porq' ind' hay quen che dí—cousas d'a xente!—
Que cando c'un t' atopas... efurrícaste...
—Ó que che diga tal, dille que mente...

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. ANOTAT.

Eu nunca de gabarme fun amigo,
Nin loitas deprendin, nin o pau xogo;
Per' o que me fix' *unha*—¡olla o que digo!
Quer quixera, quer non, pagóuma logo.
Si tí crérme non queres,
O mal será pra tí; pois che prometo
Que si d' hoxe n'un mes conta non deres
D'a honra de Rosa, á quẽ frurtach' ó créto,
¡Heiche crabal-a lengua n'un espeto
Para escarmento d' homes e mulleres!
—E verdad' ó que dís?—Non ch' o repito.
—Pois enton... ¡hastr' agosto!—¡O dito... dito!

D'esta sorte falando
Xan de Vetrances y-o infelís Martiño
Fóronse separando,
E sin decir máis nada
Colleron cada cal por seu camiño,
Martiño triste, Xan asubiando.

O dia crarexaba;
D'o sol, q' a relumbrar encomenzaba,
Unha franxa marela
Pol-os altos petoutos s' estendia;
A brisa n'as silveiras rebuldaba,
Y-alá n'o ceyo, pendurad' estrela,
Chilraba aletexando á cutuvía.

D'o lado de Levante
De sombra e lume pabellon flotante,
Vai correndo mainiña, mainamente,
Tapand' os hourizontes, negra nube,
E d'éla por didiante
Trévoa de fogo ardente
Esparx' húmedo cheiro á terra quente.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, ILLUSTRAT

Martiño camiñaba
Máis triste cada ves, á toda présa.
¡Cántas bágoas choraba
Por aquél camiñiño d'a devesa!

«Querer unha rapaza hermos' e pura;
»Pedila por muller con cortesia;
»Ir forrando pr'a boda e máis pr'o cura;
»Gardarlle lei un dia y-outro dia:
»Respetála, adorála con loucura;
»Pegar por éla chutos d' alegría,
»E cand' un está lévedo, ceguiño
»Pol-amorosa febre,
»Escoitar unha noite n'un camiño:
«*Non te cases, Martiño,*
»*Si non queres levar gato por lebre...*»

«Traballar tod' a vida;
»Andar bregando sempre c'o esta aixada
»Pra conservar sin lixo, ennobrecida
»A limpa fama de meus páis herdada;
»E de pronto escoitar de boc' allea
»Unha mañá, n'o medio d'un camiño:
«*Mir' o que fas, Martiño,*
»*Que che se rín de tí por tod' aldea...*

«Ai! co' estes comparados,
»Nada os tormentos son d'os condenados!
»¿Será verdá, Xan de Ventraces?... ¡Dim-o!
»Ten piadade de min, d' estas bagullas,
»D' est' inferno en que ximo,
»Devorado por dentes com' agullas!
»Eu non sei si te crea,
»Pero... ¡Virxe Maria!
»Si dixeses verdad' eu morrería...
»¿Seral-o demo?... ¡Arrenegad' él sea!»

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. ILLUSTRAT.

Así decind' o mísero labrego,
Sin calma nin sosego,
Metéuse n'a devesa decontado,
E d'o seu sach' armado
Comenzóu sin refolgo o seu trafego.

Levaba xa Martiño,
Rapaz de moito aguante,
Set' horas de traballo seguidiño,
Cando n'esto, de vento un remuiño
Erguéu a terra pol-a veig' adiante.
A densa polvareira
Escurecéu o sol por un istante,
Y-estremecendo val e carballeira,
Rachóu a negra nube de Levante
O rouco son d'un trono frameante.

As gárgolas d'o ceo
Esgazáronse enton' e d'o seu seo
Tanta chuvia mandaron,
Q' as hortas s' arrasaron,
O rio esbordóu, cheo,
Y-os álbores y-as prantas esfollaron.
N'a tempestad' aquela
Caía com' on rayo cada gota
Y-en ningures se viu otra com' éla.

Martiño, harripiado,
N'o ventre se metéu d'unha cañota.
¿Qué ll' import' ó coitado?
Si está d' auga d'o ceo agarimado,
¡Ai! ¡non-o está d'a que d'os ollos bota!...
«¿Poidera ser, decia,
»Poidera ser que Rosa m' enganara?
»¿Rosa, por quen daría
»Canto Noso-Señor n'o mundo cria,
»Hastr' un reino, s'en sorte me tocara?

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. AMPLIAT.

»Non pode ser, non pode ser, de fixo.
»*Pura com' on cristal* dix' ont' a noite:
»¡Pura com' on cristal!... Cando m'o dixo,
»Non hai razon pra que co'a duda loite.»

. . . . . .

Brillóu, enton, de súpeto,
N'os céos un relampo,
Qu' esparexend' a brétema
N'un rayo reventóu.
Ardéu en fog' atmósfera,
Alumióus' o campo
Y-esnaquizóus' o álbore
En que Martiño entróu.

D'a labazada eléutrica
Que ll' espidíu o rayo,
Martiño cego, atóneto,
Caíu tumbad' ó chau.
Mais logo, repoñéndose
D'o natural esmayo,
Xusgándose cadávere
Levóus' ó peito a mau.

Pouquiñ' á pouc' os párpados
Abrindo persinóuse,
Y-o ver pasada cáxeque
Tan forte tempestá,
Saniño e salvo véndose,
D'a terra levantóuse
E d'a cañota cóncava
Saíu tranquilo xá.

Mais inda ben, ¡meu ánxele!
Non déra unha zancada,
Cando traspost' en xúbilo
N'o chau s' acrequeñóu.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

—¡Nunca eu nacera!... díxose,
E recadand' aixada,
Unha non vista endrómena
D'a terra levantóu.

—

Era unha pedriña pedra,
Era unha pedra pedriña,
Com' on hobo de galiña,
Tallado en fino cristal;
Unha pedra primorosa,
Elíptica, limpa, pura,
D' artificio e soldadura
Sin xiquer' unha sinal.

Mirada déndesde lonxe
Reloce com' on diamante,
Parece d' algun xigante
Ollo sin párpado, atrós;
Pero mirada de préto,
Sospende, ademira, espanta,
Vendo n' éla a imáxe santa
D'a bendita Nai de Dios.

Non é un coyiño formado
Pol-os gotexos d'a terra,
Nin en canteira nin serra
Puido topal-o ninguén.
Non é unha pedra de neve
Qu' a calor derretería,
Nin salacion, que tería
Outra forma d'a que ten.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, ANOTAT

Non é un aerolit' ardente,
Anaco de pedra estraño
Cuyo orixe soberano
Iña se non alcontróu.
Non é volcánica lava,
Que fôra de côr mais louro,
Estalacta, nin metouro...
Nin o diaño q' o inventóu.

Est' é unha pedriña pedra,
Est' é unha pedra pedriña,
Tan rara, tan pulidiña,
Com' autra n' orbe non hai.
¡Mesmo parece unha bágoa
D'os ollos de Dios caída,
Pra se quedar convertida
En cárcere de sua Nai!

¡Qué hermos' está dentro d'éla,
Qué linda Nosa-Señora!
¡Con qué gracia sedutora
Deixa seu sembrante ver!
Por ollos ten dous luceiros,
Por dentes pelras d'os mares,
Por greñas rayos solares,
¡Por risa... un amañecer!
. . . . . .

Vendo tanta maravilla
Metida en tan curto espacio,
En tan pequeno palacio
Tanta grandeza de Dios,
Martiño, pasmado todo,
Tomand' o cristal á peso,
Escramóu:—«¡Ande por eso!...
¡Ande por eso... ollai vós!»

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Quíxose pór d'arrudillas,
Quixo quitars' a monteira
E gardar n'a faltriqueira
O milagroso cristal;
Pero d'os seus pensamentos
Segunda ves asaltado,
Decindo:—«¡Estóu rematado!»
Tiróuno d'un saque ó val.

«Non, continóu, Dios non quere
Que logr' a miña demanda;
Xa Dios á sua Nai non manda
Pr'os namorados valer.
Eses foron outros tempos...
Y-ese cristaliño gayo,
Foi... a chizpa d' aquel rayo
¡Que me debera fender!»

N'esto véuse vindo a noite
Y-arrematad' a faena,
Martiño, sempre con pena,
Fois' indo car' o lugar,
E cand' entróu pol-a vila
Dixo de remordos cheo:
«¿Será un aviso d'o ceo?...
¡Non che quixer' apostar!»—

VI

S' a tradicion que sigo n' algo non mente,
D'as escenas pasadas ó dia siguente
Pol-a mañá,
D'un salgueriñ' a sombra sentada, fiando,
N'o val de Vilanova gardand' o gando
Rosiñ' está.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

Inorante de canto ll' acontecia
Ó probe de Martiño, por quen sofria
Soedades mil,
Rosa, n'a cinturiña crabad' a roca,
Mazaroca fiando tras mazaroca,
Pensaba n'íl.

E mentres q' en suspiros lanzab' ós ventos
Os ais que ll' arrincaban seus pensamentos
Tristes, crués;
Pol-o campo os cabirtos corretexaban
Y-as vacas y-as ovellas depinicaban
Toxo e cardés.

Coitada pastoriña sin paz nin calma,
Cántas féles n'o fondo d'a tua alma
Deixa o amor!
Cántas sombras n'o ceo d'os teus encantos!
Cántas bágoas n'os ollos—¡vállant' os santos!—
Cánto delor!

Hórfa desque naciche, triste, esfameada,
Anque probe hastr' agora' tua vida honrada
Por tí falóu.
Qué ch' importóu d'as touzas dormir á sombra?
Qué ch' importóu d' espiños pisar alfombra?
Qué ch' importóu?

Tod' o pasache rindo... Todo se pasa
Mentres que qued' a honra dentro d'a casa;
Pero ¡ai de tí!
Despreciaches un home por pretendente,
E destonces, tua fama, de xent' en xente,
Vai por ahí...

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Qué fixeches, Rosiña desventurada,
Qué fixeches?... Estabas empecatada
Pra tal facer?
Despreciar por Martiño Xan de Ventraces...
Non sabes d'o q' os homes che son capaces,
Probe muller!

«Traballar tod' a vida desosegada
Pra conserval-a honra d' abós herdada,
Santa virtú,
E cand' unha c'o noivo tén parrafeo,
Escoitar que nos dice:—*X' en tí non creo,*
Rabeáras tú!

«Ir comprando pr'a boda tod'os trebexos,
Tod' o dia toparse d'o noivo lexos,
Morta d' afan,
E cand' a noite chega pr'os namorados,
Escoitar que nos dicen labios amados:
¡Vaite con Xan!

»Non hai pena com' esta tan harrorosa,
¡Non hai pena com' esta!»—marmura Rosa,
N'o salgueiral.
E de pront' a coitada, p'ro chau mirando,
Recolléu d'entr' as herbas, toda tembrando,
Aquél cristal.

. . . . . .

—

«¡Asús, qué galanura!—repuxo—¿Estarei cega?
Vestida de galleg' a Reina d' hermosura
N'a miña mau, afé?
Non pode ser! Toleo!... Riráse o que ll'o conte;
Per' eu soñei nantronte que viña dend' o ceo
D'a miña cama ó pé.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

«Será verdade, Rosa? Metida n'un hoviño
Tan piquirriquichiño, tan linda, tan hermosa
Com' a miréi enton?
A mesma muradana que lle caia tanto!
O mesmo dengue!... o manto de terciopel, ou pana!
Non estóu tola... non.

«S' en torno non pacera, mirándome, meu gando,
Qu' estóu inda soñando dixérase calquera...
¡Asús! ¡Vaya que ser!
Qué olliños, qué mirada, qué beizos, qué cabelo,
Qué orellas, qué mantelo, qué frent' anacarada,
Qué diaño de muller!

E mira... e rebuldexa... e ríse a Santa Imáxe...
Cómo m' amostr' o traxe! Cómo me parpadexa!
Algo me vai pasar!
¿Qué dís?... Falarme quere! ¿Escoitaréina?... ¡Cala!
Pois é verdá que fala!... ¿Señora?... O que quixere...
X' estóuvos' ascoitar.

«Que acod'a cita?» E logo?... «Que ven por Dios mandada
Pra que me vexa honrada o qu' en celoso fogo
Xusgóume criminal?»...
Señora! Unha pastora, baldon de tod' a xente,
Non era merecente de ter tal defensora...
Pero... falai, si tal.

«Que quer que lle levanten n'o val unha capilla?
Que quer que d' arrudilla lle recen e llė canten?»
Pois ben, querida, ben.
Pero... calóuse... ¡axiña! Xa non, xa non a escoito!
Quizáis non fale moito com' é tan piquiniña!...
Pero ¡qué gracia tén!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGATA NIHIL

Pois éla algo me dixo de q' eu no-me recordo...
Non teño ouido xordo, mais eu non sei de fixo
Qué palabriñas son...
¡Máma!... »Pr'os que non amen serei sempr' invisible
—Decia—y-é imposible que falt' ós que me chamen
De todo corazon...»

Qué farei eu, coyiño, q' agora máis ch' agrade?
Levart' ond' o Abade? Levart' ond' a Martiño?
¿Qué diaños eu farei?...
Téique, ovelliñas, téique... Tó aquí, chiviña trenca...
Cardosa! aquí, xuvenca!... quéreste bulrar seique?...
¡Ei, pr'o cortello, éi!...»

VII

Unha noite azul d' Agosto
Como de vrau regalada,
Vilanova d'os Infantes
Tod' é bulla e algazara.

Nunc'a misteriosa lua
Vertéu por lus tanta prata,
Nin n'as silveiras a brisa
Esparramóu máis fragancia.

Pol-a praza e pol-as ruas
As mozas cantando pasan,
Y-os mozos van detrás d'élas
Dando atruxos e palmadas.

Imporvisand' un turreiro
Á porta de cada casa,
Por todas partes s' escoita
Son de pandeiros e gaitas.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

De legu' e media á redonda,
Os mociños d'a montana
Saúdan aquela festa
Co'a lus d'os fachós de palla.

As vellas de tod' a vila
Sán d'os balcós as barandas
Y-os nenos emporranchiños,
Co' a cabeciña rapada,
Brincánd' e choutánd' enrédanse
Entr' as pernas d'os que bailan.

Esta noit' os zapateiros
Non queren collel-a chaira,
Nin as rapaciñas fian,
Nin os forneiros amasan.

Esta noit' en Vilanova
É noite de fuliada;
Qu' así o dispux' o Concello
Y-o señor Abade o manda.

O Abade de Vilanova
Que don Xan de Barros chaman,
Pra congregar ós frigueses
Mandóu tocal-as campanas.

Encasquetad' o bonete,
Vestido d' estola e alba,
Subíus' ó púlpeto e dixo
Os que debaix' escoitaban:

—Hirmauciños: xa sabedes
Como fai catro somanas
Se dinóu Nosa-Señora
Por medio d'una rapaza
Vir visitar esta vila
Pra facer n'éla morada.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

De tanta mercé asombrado
Como Dios nos dispensaba,
O Señor Bispo d' Ourense
Quixo vel-a imáxe santa;
Pero corréu tantas terras
N' este tempo a sua fama,
Que cand' o Bispo facerlle
Unha capilla pensaba,
O Rei Don Fulipe Carto
Q' hox' en paz gobern' España,
Coidando non fose certa
Maravilla tan sonada,
Mandóuna pedir de présa
Pra véla y-adimirala.
Eu mandéilla moi envolta
Entr' outras reliquias váreas:
O Rei miróuna, tocóuna,
Volvéu á vela e tocala,
E c'os ollos relampados
Y-a lengua de media vara,
Dudaba de canto vía,
Como Dydimo dudara.
¿Y-enton que fixo? Temendo
Q' o cristal en qu' encerrada
Está á Virxe fose cousa
En que pudese haber trampa,
Chamóu ós mái afamados
Artífices á sua cámara,
Díxolles que saminaran
O cristal con toda calma,
E declarasen en autos
Canto de raro notaran.
Así se fixo: prateiros
E péretos d'a Real Casa,
Homes de letras e cencias
Xuntáronse n'uha sala
D'o seu Pazo, n'a presencia

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

De mil xentes cortesanas,
E despois de grand' estudio
Y-adimiraciós sin tasa,
Dixeron todos á unha,
Q'o que de ver acababan
Non tiña n'o mundo enxempro;
Y-así, q'o cristal y-a Santa
Eran de o rixe divino,
Pois outro non ll' atopaban.

Despois d' este xuramento
Todos caíron ás prantas
D'a nosa Virxe y-estonces
Rei, cabaleiros e damas
Fixéronlle ofrendas ricas
De xoyas, d' ouro é de prata,
Pra que se ll' erga unh' ermida
N'o eido en que foi topada.
Todos estes pormenores
Dam-os o Rei n'unha carta
Q' unha posta de Madril
Mesmo de entregarm' acaba.

A Virxe xa volve estare
En Vilanova: ¡adoráina!
E namentres q' os pedreiros
Non lle levantan a casa,
Vinde rezarll' ést' igrexa
VIRXE D'O CRISTAL chamándoa.

Y-agor' ídevos con Dios;
E d' este dia en lembranza,
Hox' e mañá, si Dios quere,
Ninguén n'a vila traballa.
O mesmo quer o Concello,
Cedend' ás miñas istancias.
De darvos a mesma órde
O pregoeiro se encarga.»

* * *

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Cando da igrexa saíron
Cantos dentro d' éla estaban,
Martiño foise rondare
De Rosa baix' a ventana.

Rosa estaba n'o castelo
De xentes arrodeada,
Por que com' era bonita
E viv' en fama de santa,

Dendes que gardand' o gando
N'o val á Virxe topara,
A todos lles gusta, e todos
Van, pra que peque, á tentala.

Xa fix' un mes que Martiño
Tivo con Rosa palabras,
E ind' as paces non fixeron,
Por que á teson nadi' os gana;

Pero Martiñ' está seco
De celos com' onhas pallas
E non pode aturar máis
Un mal de q' él mesm' é causa.

Por eso, com' arastora,
Veu moitas veces d' husmada;
Pero Rosa, ou non-o vía,
Ou por non velo esviaba.

Levaba agora d' espera
Bó anaco baix' a ventana;
Pero Rosa non saía;
Com' outro que dí... nin ganas.

Martiño tose que tose...
Martiño canta que canta...
Pasea que te pasea...
Per' o qu' é Rosiña... ¡nada!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, ANNOTAT

Alá arrib' o coitadiño
Ouía gromas é cántigas,
E quizáis Rosa se ría
Mentres él s' enrabexaba.

Por fin cando xa Martiño
S' iba meter n'a sua casa,
Rosa somóuse, y-estonces
Trabaron estas palabras:

—Gracias á Dios, miña Rosa...
¿Dasm' un ramiño d' albahaca?
—Cand' o que podo me piden,
Nunca neguéi nad' á nadia.

—Dios che faga tanto ben
Como lle dás á miñ' alma;
Que dende que te non vexo
Parece qu' algo me falta.

—Non me veñas xa co' esas,
Martiño, que... tod' acaba...
¿Non t' acordas xa d'a noite
Que *treidora* me chamabas?

—¡Ai! Bó castigo me deches
Y-outro mais grand' esperaba.
Dudéi de tí... un mal amigo
Díxome... ¿quén non dudara?

Per' ese críme... custóume,
Si viras... ¡ai! ¡tantas bágoas!...
—¿Y-arrepentíchete?
—Escoita:
Esa noite mal fadada
Dixécheme: «Estóu tan limpa
Com' on cristal.» ¡Ben falabas!
Por q' á mañá d'o outro dia,
Sin que tí m'as amostraras,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. AMOVIT

Dios mesmo me dab' as probas
D'a pureza d'a tua alma.
O cristal que tí alcontraches
Antes de que tí o alcontraras,

Eu ch'o topei, eu ch'o tiven
N' esta mau callosa y-áspora,
Eu fun quen-o vin caíre
Y-eu quen o tirei con rábia,

Sin conecer... ¡malos demos!
Canta grandez' encerraba.
¡Tí sí que sorte tiveches!...
Diol-o quiso y-e moi sábia

Sua divina voluntade.
—¡Quén sabe si me chamaba
Dios pra sí de esa maneira,
Martiño!
—¿Qué dís?... ¿Qué falas?...

—Non xures por Dios, Martiño.
—¿Pénsas morrerte, rapaza?
—¡Non; per' a conta éch' a mesma;
Penso casarme!...—¡Acabáras!

—Pois o qu' é por min... agora
Mesmo, si queres.—Fai falla
Tér dote: o señor Abade
D'aprontarma deu palabra.

—¿Dote? tí non-a precisas.
—Pois xa che vendin as sayas
Y-o pano de frores... todo,
Pra q' haxa n'a festa gaita.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. ANNOTAT

—¿Logo vas casart' emporra?
S' en ves de vender compraras...
—É que... pr'ó meu casamento
Abóndam' unha mortaxa.

—¡Óuga! ¿Casárs' é morrere?
—Cando con Crist' un se casa,
Morre pr'o mundo...
—¡Rosiña!
¿Monxa tí?...
—¡Martiño, cala!

¡Cala... e váite! S' eu non puden
¡Q' outra felice te faga!
¿Y-así... me deixas... Rosiña?...
—¡Martiño... a Virxe m'o manda!

VIII

N'esto Rosa arretiróuse
D'a ventana d'o edificio,
Deixando teso, n'a rua
Ó desdichado Martiño.

Páledo, sombrío, atóneto,
Com'on mármore de frio,
Sin pestanexar xiquera
Crabado está n'aquel sitio.

Estonces unha risada
Bulrona chegóull' o ouido,
Risada de lobo farto...
Risada de cucudrilo...

—¡Raxo de Dios! dix'ó punto
Todo en cóler' acendido,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. ANOTAT.

¿Quén se rí?
—Xan de Ventraces.
—Tí, ladron d' honras?
—O mismo.

—Fólgome! Así com' así,
Teño unha deuda contigo
E vóuna cumprir agora.
—Cantas queiras. Veño listo.

—Pois abonda de parola.
—Abonda, o mesmo che digo.
—Car' a Soutoverde, Xan.
—Car' onde queiras, Martiño.

IX

Pol-a mañá d'o outro dia,
N'o monte de Soutoverde
Por cima de Vilanova,
Non se cabía de xente.

Alí todos asombrados,
Rapaces, homes, mulleres,
Miraban co' a boca aberta
Unha cousa qu' estremece.

Sobr' o marco d' unh' herdade
Crabada unha estaca vése,
E d'éla n'o cuturiño
Está unha lengua pendente.

Ús din: «Pol-o qu' é de longa
A d' unha besta parece;»
Y-outro: «Parec' a d'un porco
Segun o sangue que verte.»

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. AMPLIAT

Estando n'estas liortas,
Sin saber cómo, corréuse
Qu' era de Xan de Ventraces
Aquel cativo presente.

Pois, pol-a mañá moi cedo
Xan, derrengado, morréndose,
Chegóu á vila mostrando
Non tér a lengua entr' os dentes.

Cand' esta nova se soubo,
Moitos lástema lle teñen,
Pero moitos máis escraman:
«¡Ben feito, pra qu' escarmentes!»

A xustici' andivo tola
Precurand' o delincoente,
Mais como Xan non falaba,
Non pudo darse co' éle.

Martiño fíxos' o zorro,
E cand' a que tanto quere
Fóis' á Allariz meter monxa,
Él, anamorado sempre,
Fóise detrás, pra vivire
D'o seu conventiñ' enfrente.

¡Probe rapaz! unha noite
D'o frio e triste Decembre,
D'a profesion de Rosiña
Pasados xa catro meses,

Martiño, ó pé d'o convento,
Ardend' en morosa febre,
Estaba mirand' á reixa
D'a celd' en que moitas veces
Se lle figuróu de Rosa
Ver o sembrante celeste.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. NOVAT.

Pensaba que tral-as pedras
D' aquel recinto solene
Habería quen sentise
D'a mesma sorte qu' él sente,

Sin conocer q' as miniñas
Que a vid' á Cristo ll' ofrecen,
Deixan á porta os amores
Cando n'o cláustro se meten.

Nevaba. Mainiñas, mainas,
Quediña, quediñamente,
Iban caíndo... caíndo...
As folepiñas d'a neve.

Moito os ollos arregala
E moito a cabeza ergue,
Pero n'a reixa d'a celda
Nada Martiño destengue.

Semper fitando, fitando,
Nin a refolgar s' astreve,
E por pensar n'a sua Rosa
Hastra d'o frio s'esquece.

Tras unha hora outra hora
Vai pasando lentamente,
Y-él, nin se move d'o sitio,
Nin se coida d' entemperie.

De ves en cand' o coitado
Sin darse conta, estremécese,
Harripíasell' o corpo
E bate dente con dente.

Vales, outeiros e montes
Bórrans' e desaparecen
Y-on branco sudario, triste,
Por todas partes s' estende.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

Acolá enriba, n'a reixa,
Tod' é escuridá entramentres;
Nada se sinte, nin nadia
Detrás d'os ferros parece.

Martiño n' aquél istante
Ver á Rosa parecéndolle,
Quixo falarlle... e non pudo...
Asuspiróu... e morréuse.

A neve qu' n'él caíra,
Foi facendo d'él á rentes
Unha foxa que o tragaba
Déndesd' os pes hastr' a frente.

Sobr' o seu corpiño morto,
Quediña, quediñamente,
Iban caíndo... caíndo...
As folepiñas d'a neve.

X

Leutores, s' olvidando d'o mund' os traballiños
Vos fordes de paseo de Vilanova ó val,
Entrade respetosos, entrade caladiños
N'a primoros' ermida d'a VIRXE D'O CRISTAL.

S' escasos de fortuna bicades a sua pranta,
Si á visitála vades faltiños de salú,
Secorrerávos logo a milagrosa Santa;
N'o mundo non hay outra que teña máis virtú.

De tristes agarimo, de probes esperanza,
D'os namorados guia, sostén d'o labrador,
Canto de Dios quixere, tanto de Dios alcanza;
Non hai quen lle non deba consolos e favor.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. MONTAT

Cand' eu era pequeno, por miña nai levado,
D'a aparicion pedinlle a lenda celestial;
Si cal a deixo escrita non for d'o vos' agrado,
A culpa non botedes á VIRXE D'O CRISTAL.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

UNHA BODA EN EINIBÓ

I

—Cómo te chamas, rapaza?
—Chámome Ádega Silvan.
—Ai, Ádega! Entr' esas *silvas*
Quixéram' eu enredar...

Tal dixo á certa miniña
Certo diaño de rapaz,
E dend' estonces antrambos
Quérens' á non poder máis.
Todal-as noites d' inverno
N'as fiadas d'o lugar
Estan de groma e palique
Dend' enton Ádega e Bras;
E non hai festa n'aldea
Nin precesion n'a cibdá,
Donde xuntos non s' atopen
Un galan y-outro galan.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

Cand' hai danza n'o turreiro,
E Bras ó turreiro sai,
É sempre Ádeg' a primeira
Que co' él se pon á bailar.
S' éla vai á romaría,
Él á romaría vai;
S' éla dá un ichav' ón cego,
Él outr' ichavo ha de dar;
Y-espello de namorados,
D'o seu cariño en sinal,
S' éla un caravel n'a boca
Leva por cuaselidá,
Él outro caraveliño
Ha de—por forza—levar.

Envexa de tod' as mozas,
Cando xuntos vén ou van,
Moitas ó son d'o pandeiro
Cantáball' este cantar:

«Non te chegues moit' ó lume,
Volvoretiña real,
Non te chegues moit' ó lume,
Mira que te vas queimar.»

Mais fas tanto caso d' ésto,
Tanto d' esto se lles dá,
Como si rousara un carro,
Como si ladrara un can.

Un ano pasóu y-outr' ano
Pr'os namorados en paz;
Si dinantes se querian,
Quérens' hoxe moito máis.
A lei q' os dous se tiveron,
Temend' ó cabo faltar,
Por que toda corda creba...

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. AMOVAT

Por onde esprica ó refran,
Unha miaxa d' estado
Tratand' ó fin de tomar,
Ádega e Bras d' esponsallas
Fixeron xuro formal,
E pra casarse pediron
Lisenci' e vénia á seus páis.

II

Y-alí van de car' a igrexa
Alí van ambos á dous,
Pol-os dous sogros gardados,
Seguidos de seus abós,
Éla de alegria foncha,
Él morréndose d' amor,
Parecian dous paxáros,
Conform' un d' outr' á caron
Mirábans' á furtadelas
Cal si tiveran rebor.

Ádega estaba tan cuca
Que dab' adimiracion:
D' aqueles seus ollos negros
Aumentábanll' o negror
A cófia y-a palramenta
Y-a saya, que negras son.
As mapolas d'os seus beizos
Collian roxo inda mór
D'o colar de coraliños
Qu' o nóivo lle regalóu.
—¡Qué hermosa vas! marmuraban
Detrás d'éla algús chismós:
¡Dio-lo queira que che dure
Moito tempo esa color!...—

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Pero s' éla en compoñerse
Puxo tod' o seu teson,
Bras non vai menos composto,
Qu' atrás non se lle quedóu;
Pois anqu' era por Agosto
E queima que pasma o sol,
Lev' unha capa tan longa
Que non hai outra millor.
Qué calados n'a camisa!
Qué zapatos de mallós!
Qué cutin o d'a chaqueta!
Qué rizo o d'o pantalon!
Qué ben lle dí a escarapela
Que cusida c'un liñol
Lev' á un lado d'o chapeyo
Desque d'as quintas librόu!
¡Traballos que pr' esculirse
Pasara n' aquel enton!...
¡Meciñeiros qu' o roubaron!
¡Diñeiro que lle custóu!

Mais aquelas agonías
Pasadas, gracias á Dios,
Todo pra Bras hoxe é groria,
Felicidade y-amor.

A par d' Ádega, moi teso,
N'a igrexa o rapaz entróu;
Déull' á noiva auga bendita,
Ouíunos o confesor,
E logo, o señor Abade
Botóulles as bendiciós.

Dend' á víspor' avisado,
Por ser d' uso en Einibó,
Está esperand' ós cortexos
O gueitero que chegóu.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

E cando, por fin, d'o tempro
Saíron ambos á dous,
D'a gaita ó *tirililiro*,
D'a caix' ó *tromporrontron*,
Caíndo as doce d'o dia
D' espadaina n'o relós,
Descontr' a casa d'o noivo
A patuleya marchóu.

III

Mais xa de Bras n'a cociña
Roxe o rixon n'a sarten,
Ferben á cachon os potes
E cheir' aurogo e prixel.
Perparada n'o sobrado
Unha mesa d' oito pés,
Con catro mantés cuberta
Por que non chega un manté,
Fumegan enriba d'ela
Tres barcales, todos tres
De chourizos cugulados,
Lacon e vaca, á escoller.
Panochas por onde queira
De pan albeiro se ven,
Bicas de centeo e millo
Pra gusto de quen quixer;
E n'un currunchо, con netos
Alá por corent' e seis,
Toupa de chea unha cántara
De purrela com' a mel.

Chegados á casa os noivos
Y-os cunvidados tamen,
Fixeron a crus n'os pratos
E puxérons' á comer.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

¡O q' aquelas probes vellas
N'os seus fillos se revén!
¡Cás' envidian ós casados
Os qu' estan pra merecer!
¡Qué olladas lle botan éla,
Qué olladas lle botan él,
Solteiriñas e solteiros
Cando non-os ve ninguén!

Mentras ús falaban y-autros
Non paraban de comer,
Os páis d'os noivos decian
Quediño, con certo aquél:
—O meu... leva unha xugada
Y-on carro... ¿y-a de vosté?
¡Unha uchiña chea... d' honra!
—Pois mire, abóndalle ben;
Por q' ond' hai honra e saúde
Estánll' os millores bés.

Perdidos un pol-o outro,
Tras d'unha vez outra vez,
Os noivos chúscans' o ollo,
Com' o qu' a cousa non quer.
Alá debaixo d'a mesa
Rebulía non sei qué
Qu' Adega púñase roxa,
Roxa com' on caravel...

—Marcha can, deci' onha vella,
¡Hor' o demo onde te vés!
Váite roer pr' outro lado,
¿Ou seique tes gana de...?

N'esto, ó viño comenzaba
N'as cholas á remexer,
E bébedos éles y-élas

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Todos puxérons' en pé;
Y-as xerras levand' á boca
Y-escurrichand' o pichel,
Ó son pecador d'a gaita
Que toca tocatas cen,
Os convidados brindaron
D'esta maneira cortés:

«¡Viv' a noiva! ¡Viv' o noivo!
¡Vivan homiñ' e muller!
¡Por moitos anos se gocen,
Por moitos anos, amen!»

IV

A francachela acabóuse,
Qu' afé que non foi ruin:
Xa é de noite: a branca lua
Alá d'o ceo n'os confís,
Entr' un enxame d' estrelas
Com' almendras d' Allariz,
Inda loce que parece
Un pandeiro de marfin.

De frescos cheiros cargada
Pasaba soprand' a brís
Y-os paxariños n'as pólas
E n'as chousas a perdiz,
Nos seus buracos os grilos
Y-as ovellas n'o cubil,
Us c'os seus roucos cantares
Y-autros con trinos xentís,
Compuñan unha armunía
Qu' era o qu' habia qu' ouir!
Parece qu' a Natureza,
Nai querendósa e felís,
Daba o paraben ós noivos,
Qu' eran esposos por fin.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

¡Miráinos! Ó son d'a gaita,
D'o bombo e d'o tamburil,
Estan bailand' a muiñeira
El y-éla ó pé d'o patin.
¡Cóm' él torce aquelas pernas!
¡Cóm' éla estroza o mandil!
¡Cómo recoll' él a faixa!
¡Cóm' éla move os cadrís!

Arredor d'éles, en roda,
Mozas é mozos alí
Bailan tamen, entramentres
Que pegando atruxos mil
Esmoen o pan d'a boda
Un fato de pelingrís.

Tant' alegria mirando
Os vellos sin dentes rin,
E senten non tel-as pernas
Pra choutar e rebulir.

Érguen cen nubes de polvo
Co'as chancas os bailarís,
E tanto castañetexan,
Que naide s' entende alí.

Gueiteiro que máis ben toque
Nunca en Einibó se víu,
Qu' anque toc' á secas, toca
Que non hai máis que pedir.

Vendo como repinica
N'aquel punteiro sutil,
Todos quédans' asombrados
Un istante sin sentir;

E cand' ó cabo repostos
D'o asombro, volven en sí,
Perguntan todos:—¿Y-os noivos?
.....
¡Vai bôa! Nin c'un candil.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

O GUEITERO

«Sempre pol-a vila entraba
Con *aquel* de señorío.»

(*Rosalia Castro.*)

Déndesd' o Lérez lixeiro
As veigas qu' o Miño esmalta
Non houbo n'o mund' enteiro
Máis arrogante gueiteiro
Qu' o gueiteiro de PENALTA.

Sempre retorcend' o bozo
Erguida sempr' a cabeza,
Daba de miral-o gozo.
Era un mociño... ¡qué mozo!
Era unha peza... ¡qué peza!

Despois d'o tempo pasado,
Pasado pra non volver,
Com' on profeta ispirado,
Inda m'o parece ver
N'a festa d'o San Trocado.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

Calzon curto, alta monteira,
Verde faixa, albo chaleque
Y-o pano n'a faltriqueira,
Sempre n'a gaita parleira
Levaba dourado fleque.

Non houb' home máis cumprido
N'o mundo, de banda á banda,
Nin rapaz máis espilido,
Con máis riqueza vestido,
Nin de condicion máis branda.

Pr'as festas e romarías
Chamado, todol-os dias
Topábase donde queira,
Anque por certas porfías
Solo tocaba a muiñeira.

Pois, como poucos teimado
Cand' unha venta lle pega,
Xura que, pr'o seu agrado,
Non se ten ind' enventado
Música como a gallega.

Neno er' eu cando él vivia,
Mais non-o podo esquecer.
¡O qu' él n'a gaita sabia!
¡O qu' él c'os dedos podia
N' aquel punteiro facer!

Cando n'as festas maores
Era esperado o gueitero,
Botábanll' as nenas frores,
Ledas copras os cantores,
Foguetes o fogueteiro.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. ANOTAT

Tras d' él, en longa riola,
D'a gaita o compás levando
Con infernal batayola,
Iban correnḍ' e choutando
Os rapaciños d'a escola.

Nunca se puido avriguar,
Véndolla repinicar,
Por qué, o son d'a gaita ouindo,
Cantos bailaban sorrindo,
Acababan por chorar.

Pero cand' él n'o turreiro,
Cal n'a trébede a Sibila,
Pegaba o pio primeiro,
Daban ó vento o sombreiro
Todol-os mozos d'a vila.

Comenzado o baile enton,
Cousa era pr' adimirar
Aquel sembrante bulron,
Aquel aire picaron
Y aquel modo de mirar...

Y-era de ver con qué trazas,
Sin facer pausas, nin guiños,
Nin caso d'as ameñazas,
Furtaba un bico ás rapazas
D'os noivos diant' os fociños.

Ninguén soubo frolear
D'o xeito qu' él froleaba:
Verll' a muiñeira botar
Era unha nube mirar
D' anxeliños que pasaba.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Xentil, aposto, arrogante,
En cada nota o gueiteiro
Ceibaba un limpo diamante,
Que logo n'o redobrante
Pulía o tamburileiro.

¿Qué Orfeo se lle igualaba,
Si mesmo, dentro d'o fol
Que c'o cóbado apertaba,
Parecia que cantaba
Escondido un rousiñol?

Músic' ón tempo e poeta,
Algunha fada sacreta
Tiña con que comovia,
Pois nunca d'unha palleta
Saíu tan doce armonía.

Tocaba... e cando tocaba,
O vento que d'o roncon
Pol-o canuto fungaba,
Dixeran que se queixaba
D'a gallega emigracion.

Dixeran que esmorecida
De door a Patria nosa,
Azoutada, escarnecida,
Chamaba, outra *Nai chorosa*,
Os filliños d'a sua vida...

Y-era verdá. ¡Mal pocada!
Contr' on penedo amarrada,
Crabad' un puñal n'o seo,
N' aquela gaita lembrada
Galicia era un Prometeo.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Un Prometeo cantando
Eternas melanconías;
Sempr' un consolo agardando
E sempr' as bágoas chorando
D'o desdichado *Macias*.

Por eso' cand' á tocar
Se puña o gueiteiro lindo,
Cantos viñan pra bailar,
S' escomenzaban sorrindo,
Acababan por chorar.

Por eso en vilas y-aldeas,
Por xentes propias y-alleas
Era aquel home estimado,
E por todos saudado
En camiños e vereas.

Por eso, dond' él chegaba
Dábanlle citas d' amores
As mozas por qu' él toleaba,
E sempr' á mesa xantaba
D'os abades e priores;

Que dend' o Lérez lixeiro
Ás veigas qu' o Miño esmalta,
Non houbo n'o mundo enteiro
Máis arrogante gueiteiro
Qu' o gueiteiro de PENALTA.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

A PRIMAVEIRA

Ahí ven o tempo de mazal-o liño,
Ahí ven o tempo d'o liño mazar,
Ahí ven o tempo, rapazas d'o Miño,
Ahí ven o tempo de se espreguizar.

(Cantar d'o povo.)

Com' a miniña tola
Que sai por ves primeira
Con dengue e muradana
Pr'a festa d'o lugar,
Asi, xentil y-aposta,
Vai vindo á Primaveira,
Grinaldas de craveles
Vertend' ó seu pasar.

Xa encima d'os penedos
Non berra o graxo rouco,
Q' alá n'as negras noites
As névoas espallóu,
Nin funga n'as troneiras
O son d'o vento louco,
Que cántigas de bruxas
E trasgos remedóu.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Xa s' ouce o pio alegre
D'o paxariño terno,
Perdidol-os seus ollos
N'a estrela d'a mañan,
Y-as nuves sacudíndose
D'as brétemas d'o inverno,
Vestidas d' ouro e nacre
Pol-o hourizonte van.

Os álbores espidos
De fruto e de ramaxe,
Cubertos xa de folla
Comenzan á dar fror;
Y-á sombra agachapado
D'o prácido follaxe
Mentras q' o gando garda
Fai chífros o pastor.

Xa d' amarelo e branco
Se pintan os outeiros,
Xa nacen n'as silveiras
As froles de San Xoan;
Xa crecen n'os valados
As hedras y-os loureiros,
Xa ten carrouch' o millo,
X' as vides gromos dan.

Ahí ven pr'os probes vellos
Sin sangue xá e sin vida,
A fogueirada ardente
Qu' esparxe a lus d'o sol;
Ahí veñen pr'os poetas
D' ispiracion garrida
As cheirosiñas auras
Y-a vos d'o rousiñol.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. AMOVIAT

Ahí veñen pr'os cortexos
As noites feiticeiras
D'os fúlxidos luceiros
Ó maino relumbrar;
Ahí veñen pr'os rapaces
As moras d'as silveiras,
Y-o tempo d'os gandulos
Que niños van buscar.

Ai, estacion frorída,
Gallarda Primaveira,
Quién pra botarche copras
Tivera o que non ten!...
C'o corazon ferido,
Sin lira garruleira,
Quén te cantóu, hermosa?...
Quén te cantóu?... ¡Ninguén!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

O MAYO

Aquí ven o mayo
De frores cuberto...
Puxéronse á porta
Cantándome os nenos;
Y-os puchos furados
Pra min estendendo,
Pedíronme crocas
D'os meus castiñeiros.

Pasai, rapaciños,
Calados e quedos;
Q' o qu' é pol-o d' hoxe
Que darvos non teño.
Eu sónvol-o probe
D'o povo gallego:
Pra min non hai mayo,
¡Pra min sempr' é inverno!...

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

Cand' eu m' atopare
De donos liberto
Y-o pan non me quiten
Trabucos e préstemos,
E com' os d'o abade
Frorezan meus éidos,
Chegado habrá estonces
O mayo q' eu quero.

Querédes castañas
D'os meus castiñeiros?...
Cantádeme un mayo
Sin bruxas nin demos:
Un mayo sin segas,
Usuras, nin preitos,
Sin quintas, nin portas,
Nin foros, nin cregos.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

BEN CHEGADO

¡Qué doce e deleitoso
É d'un pai o desvelo, cando á veira
D'o seu leito d' esposo,
Vai oir pracenteira
D'o seu primeiro fillo a vos primeira!

¡Qué argullosa ufanía,
Qué mundo d' ilusiós e de contento
Acode á fantesía,
Y-en tan felís momento
Encolle o corazon y-o pensamento!

Hém' aquí retirado
D'o meu lar n'o currúncho escurecido,
Contando, ó son pausado
D'a péndola, o batido
D'o corazon, d'amor estremecido.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Chega hastra min, profunda,
Com' a tétrica queixa lastimada
De cerva morimunda,
Solouzante e cansada
A vos dôrida d'a muller amada.

Mais, d'os seus beizos roxos
Envolto n'os suspiros d' amargura,
Trégola ós meus enoxos,
Un ánxel d' hermosura
Bríndam' eterna, celestial ventura.

¡Ah! Deixa que treidores
Ceben en tí, muller, sua saña impía
Os maternás doores:
Que canto máis sombría,
Máis tras d'a noite nos feitiza o dia.

Sôfre en calados ayes
O máis grande tormento conecido;
¡Sôfre!... ¡Mañan, quizayes,
Darás por ben sofrido
Ese, que á ningun outro é parecido!

¿Quén sabe, ó fin, s' estrela
Que vai lucir n'o noso triste ceo
Purísima e sinxela,
Astro chegará á ser que de lus cheo
Os nosos dias enfeitice arreo?

¿Quén sabe si, puxante,
Esa pranta que brota hoxe d'a terra,
Erguéndose trunfante
Sobre canto de podre e ruin encerra,
Arbol será de paz tras tanta guerra?

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INDICAT

Ven, fillo d'a miñ' alma;
Chega, chega, e non tardes, meu querido:
A humanidá sin calma,
O mundo en servidume sumerxido,
Nádo inda non, saúdante ben vido.

E ben chegado seas
O meu cólo tamen, ¡miña delicia!
Qu' inda mesmo sin vida me recreas,
Falangueira e propicia
Á miña amant' e paternal caricia!

Namentres, noite, pasa,
Pasa, eses teus luceiros apagando:
Linda é a lua; mais sua lus escasa
Agoiro fôra infando
O berze d'o meu néno alumeando.

Pasa, noite d'as fadas,
En que Dios dorme e s'acobarda a xente;
Qu' as párpedas pechadas
D'o meu rolo inocente
Quérense ó rayo abrir d'o sol fulxente.

¡Ouh, sol! Tí que atesouras
A lus que esparxe a brétema sombría;
Tí, qu' os outeiros douras
E inundas d' armonía
O ceo, a terra, o mar, a tarde, o dia:

Pol-a xigante lomba
Érguete á ver o meu miniño, quedo,
Cal namorada pomba
Que pol-a mañá cedo
Léva ós fillos calor n'o pico ledo.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INVOLAT

D'o mundo n'os lumiales,
¡Ouh, sol! ¡sol inmortal! meu neno espera
Teus rayos celestiales...
¡Si cara á tí nacera
Non cara á noite, cara á tí correra!

¡Que cand' eu á esta vida
Abrin os ollos, triste noite escura
Cubríume enloitecida,
E d' esa noite impura
Ind' os crespós arrastro y-a tristura!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

¡AI!...

¿Cómo foi?...—Eu topábame fóra
Cand' as negras vixigas lle deron;
Pol-o arámio sua nai avisóume
Y-eu vínme correndo.

¡Coitadiño! Sintindo os meus pasos,
Revolvéu car' á min os seus ollos.
Non me víu... e chorou... ¡ai! xa os tiña
Ceguiños de todo.

Nom m' acordo que tempo m' estiven
Sobr' o berze de dôr debruzado;
Solo sei que m' erguin c'o meu neno
Sin vida n'os brazos...—

Volvoreta d' aliñas douradas
Que te pousas no berze valeiro,
Pois por él me pergúntas, xa sabes
Qué foi d'o meu neno.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

N'A MORTE DE MIÑA NAI

Doce malenconía, miña musa,
D'o meu esprito noiva feiticeira,
Déixame q' hoxe n'o teu cólo dorma
Sono de pedra!

Nunca, reiciña, nunca com' agora
Fálla fixéronm' os teus bicos mornos:
Choveu por min chuvia de sangue e trayo
Frio n'os osos.

Quéntame tí, que tiritando veño,
Tí, que d'o peito curas as feridas,
Amiga xenerosa d'os que sôfren,
Malenconía!

Tôpe miñ' alma, á sombra d'os ciprestes
Q' os tristes ermos d'as tuas illas cobren,
O esquecemento q' en ningures hacho
Pr'os meus doores.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

Fai qu' ó rumor d'os teus regueiros, brando,
S' adormezan meus tristes pensamentos.
¡Son un hôrfo!... Agarímam' ó teu cólo...
Xa outro non teño.

Xa outro non teño en que pousal-a frente,
Pol-as agurras-d'o pesar sulcada;
Xa outro non teño q' amargura enxugue
D'as miñas bágoas!

Nai, ¡adorada nai! mártir escura,
Branca pombiña, arruladora e tenra,
¡Ai! Si souperas como me deixabas...
Non te morreras.

Dende que te perdin, a terra, o ceo,
Todo é pr'a min d'a mesma côr d'a morte.
O sol non m' alumea, nin os campos
Pr'a min tên frores.

Cal sobr' os condenados a pauliña,
Caíu sobre miñ' alma eterno loito;
Todo m' amarga, hastr' o aire que respiro:
Dáname todo.

D'o corazon fuxíume esa alegría
Qu' é n'as frores aroma e vos n'os páxaros,
Y-andan por dentro d'o meu peito os corvos
Arrevoando.

¡Cómo recordo aquelas noites craras
En qu' ó fulgor d'a prateada lua,
M' arrulábal-o sono, d'os teus cantos
Co'a doce música!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

¡Cómo recordo aquelas tardes tristes
En qu' os tronos sintindo, rezabámos
Porque Dios leve ós probes mariñeiros
A porto salvo:

Pol-os necesitados camiñantes,
Pol-os vellos sin pan e sin abrigo,
Pol-os nenos sin pai... abandonados...
Com' os teus fillos!

¡Ai! Eu tamen rezar quixera agora
Por tí, de tanto amor en xusto pago;
Mais dende que te fuches, miña rula,
Teño un cansancio!...

Malenconía, musa d'os doentes,
D'o meu esprito noiva feiticeira,
¡Déixame qu' hoxe n'o teu cólo dorma
Sono de pedra!

REAL ACADEMIA GALEGA · COLLIGIT, EXPURGAT, INFOVIAT

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

ÓS MOZOS

¡Qué triste está a aldea,
Que triste e que sola!
A terra sin frutos, a feira sin xente,
Sin brazos o campo,
Sin nenos a escola,
Sin sol o hourizonte, sin fror a semente!

—

A pedra y-as nubes
A sembra arrasando,
Agoiran un ano de fame sombría;
Sin pan os labregos,
Nin herba pr'ó gando,
¿Qué vai á ser d'éles n'a crua invernía?

—

Manadas famentas
De lobos montesos
Baixaron d'as chouzas n'a noite calada,
E, postos en ringla,
C'os ollos acesos
Azanan d'os probes pr'a porta pechada...

—

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Moziños honrados
De sangue bravía,
Si ó mal d'os petrucios non fordes alleos,
Librádeos d'a morte,
¡Facéi montería
N'os lobos d'a terra, n'os lobos d'os ceos!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

CÁNTIGA

N'o xardin unha noite sentada
Ó refrexo d'o branco luar,
Unha nena choraba sin trégolas
Os desdés d'un ingrato galan.
Y-a coitada entre queixas decia:
«Xa n'o mundo non teño ninguén,
Vou morrer e non ven os meus ollos
Os olliños d'o meu doce ben.»

Os seus ecos de malenconía
Camiñaban n'as alas d'o vento
Y-o lamento
Repetía:
«Vou morrer e non vén o meu ben!»

Lonxe d'éla de pé sobr' a popa
D'un aleve negreiro vapor,
Emigrado, camiño d'América
Vai o probe, infelís amador.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

Y-o mirar asxentis anduriñas
Car' á terra quedeixa cruzar:
«¡Quén pudera dar volta, pensaba,
Quén pudera con vosco voar!...»

Mais as aves y-o buque fuxian
Sin ouir seus amargos lamentos;
Sólo os ventos
Repetían:
«¡Quén pudera con vosco voar!»

Noites craras, d'aromas e lua,
Desde enton ¡qué tristeza en vos hai
Pr'os que viron chorar unha nena,
Pr'os que viron un barco marchar!...

D'un amor celestial, verdadeiro,
Quedóu solo, de bágoas á proba,
Unha coba
N'un outeiro
Y-on cadavre n'o fondo d'o mar.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

A IGREXA FRIA

Por cima d'os agros,
D'o monte n'o medio,
Levántase ainda
Hidrópico e negro,
Cal xigante hipopótamo morto,
De vermes cuberto,
Rodeado de trévoas e gramas,
O lombo deforme d'o vello mosteiro.

—

D'as torres as rexas
Agullas de ferro,
Queixarse parecen
D'a marcha d'os tempos;
E de cote paradas e inmobres,
Se mellan os dedos
D'unha mau de Titan q' anda en busca
D'o rayo que tarda d'as iras d'o ceo.

—

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Dend' a alta campana
Cái inda en anélos
A forte cadea
Con triste bambeo.
Cando á posta d'o sol, d'as montanas
Azóutana os ventos,
Unha serpe arromeda encantada
Que gard' as riiinas fungando e tecendo.

—

Os pelos de punta
N'a mau c'un coitelo,
Co'a sangue lixado
D'os probes viaxeiros,
Tempos houbo en q' aquí buscar viña
Seguro y-achego
O ladron d'os camiños, q' os frades
Q' a Praga queimaban, en salvo puxeron.

—

De monxe vestido
Com' éles o reo,
De réprobo á santo
Pasóu n'un dia mesmo;
E, d'a gorxa que ser debería
Tallada n'un cepo,
A pauliña saíu qu' escomulga
Ó insine Colombo y-ó gran Galileo.

—

As virxes, forzadas,
Os probes, valeiros,
Pedian namentres
Secorro e romedio;
Y-a xusticia, escudeiro mal pago
D'o crime sanguento,
D'o sagrado n'a porta quedaba
De rabia e de cólara os dentes batendo.

—

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

N'os meus solitarios
Nouturnos paseos,
Sucédem' ás veces
Chegar ó mosteiro;
E caretas facéndom' estonces
D'a lua ó refrexo,
Unha negra vision, d' entr' as ruinas,
«¡Qué tempos!» me dice, y-eu digo: «¡Qué tempos!»

REAL ACADEMIA GALEGA · COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT ·

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

SAÚDO

¡Ouh, meiga cibdá d'a Cruña,
Cibdá d'a torre herculina,
De xeneracións recordo
Máis fortes q' as d' hoxe en dia:
Cibdá que por sobr' os mares
Érguel-a cabeza altiva,
Cal onte n'as tuas murallas
O brazo de María Pita:
¿Qué tés n'ese teu recinto,
Que tés pr'os que te visitan,
Que conecerte non poden
Sin que deixarte non sintan?

Tempos houbo en que revolto
N'a louca redemuíña
Que pol-a terra me leva
En direucion nunca fixa,
Dia e noite alumeado
Por unha estrela maldita,
Deixando d'os patrios lares
As gasalleiras dilicias,
Pisei teu chau, de camiño
Pra máis aleixados crimas.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

Páxaro novo, soñara,
Cando nin prúma inda tiña,
Voär d' un ceyo en precura
Máis grande q' o de Galicia;
Pero non ben d'as tuas prazas
Pasei sobr' as pedras limpas,
Non ben d'eses teus verxeles
Os frescos cheiros sentira,
D'os teus aires namorado
Que embebedan e feitizan,
Renunciei terras estranas
Y-amor pedínche e caricias.

Nai cariñosa, tí décheme
Canto darme enton podias:
Consolo pr'as miñas bágoas,
Pr'os meus males mediciña;
E inda esquecerme non puden
D'as tuas saladas brisas,
Que m' ourexaban á frente
Por fogo de febre ardida.

Era eu neno, sí, moi neno,
E por esas prayas iba
Collend' o nacre d'as cunchas
Que n'as tuas orelas brilan.
Risoñ' o sembrante murcho—
Que xa murcho enton o tiña—
N'un bote me bambeaba
D'o Orzan sobr' as ondas rizas.
¡Ai! N'ese mar tormentoso,
Que non de Tirteo n'a lira,
A estrofa enérxica é fera
D'a libertá deprendía.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

Dotáronme d' alma ardente
As auras que che dan vida;
De firmeza n'o infortunio
Os pedróuchos d'as tuas illas.
Tí fuches quen me falaches
D' estrana maneira místeca,
D'este santo amor d'a patria
Que se sente e non se esprica.

Era eu neno, sí, moi neno,
Cando por teu chau corría,
Hóspede q' inda sin nome
Regalabas compasiva...
¡Cruña, Cruña! Cal fuxiron
Aqueles prácidos dias.
Hoxe non me coneceras—
Tan outro son—si me viras.

Alma vella en corpo novo,
O q' un recordo ch' envía,
Dinantes que dependure
D'un negro cipreste a lira,
Cantarche quixera cántigas
De tantos feitizos dinas;
Mais miñ' arpa non ten cordas
D' amores nin d' alegrías,
E solo tristes salayos
As poucas que quedan guindan.
Recólleos, cibdá sagrada;
N'éles os cariños vibran
De miñ' alma que t' adora,
De meus beizos que te bican.

REAL ACADEMIA GALLEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

NOUTURNIO

D'a aldea lexana fumegan as tellas;
Detras d'os petoutos vai póndos' o sol;
Retornan pr'os éidos co'a noite as ovellas
Tiscando n'as veiras o céspede mol.

Un vello, arrimado n'un pau de sanguiño,
O monte atravesa de car' ó piñar.
Vai canso; unha pedra topóu n'o camiño
E n'éla sentóuse pra fôlgos tomar.

—¡Ai! dixo, ¡qué triste,
Qué triste eu estou!
Y-on sapo q' o ouía
Repuxo:—*¡Cró, cró!*

—

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

¡As ánemas tocan!... Tal noite com' esta
Queimóusem' a casa, morréum' a muller;
Ardéum' a xugada n'a corte y-a besta,
N'a terr' a semente botóus' á perder.

Vendin pr'os trabucos vacelos e hortas
E vou pol-o mundo d'enton á pedir;
Mais cando non topo pechadal-as portas
Os cáns sáyenm' élas e fánme fuxir.

Canta, sapo, canta:
Tí y-eu ¡somos dous!...
Y-o sapo, choroso,
Cantaba:—*¡Cró, cró!*

—

Soliños estamos antrambos n'a terra,
Mais n'éla un buraco tí alcontras y-eu non.
A tí non te morden os ventos d'a serra
Y-á min as entranas y-os osos me ron.

Tí, nádo n'os montes, n'os montes esperas,
De cote cantando, teu término ver;
Eu, nádo entr'os homes, dormento entr'as feras,
E morte non hacho, si quero morrer.

Xa tocan... Recemos,
Que dicen q' hai Dios!...—
El reza y-o sapo
Cantaba:—*¡Cró, cró!*

—

A noite cerraba, y-o rayo d'a lua
N'as lívidas cumes comenza á brilar;
Curisco que tolle n'os álbores brua
Y-escóitas' ó lexos o lobo ouvear.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGATA, AMOVIAT

O probe d'o vello, c'os anos cangado,
Erguéuse d'a pedra y-o pau recadóu;
Viróu par'os ceos o puño pechado
E car' ós touzales rosmando marchóu...

C'os ollos seguíndo-o
N'a escura extension,
O sapo quedóuse
Cantando:—*¡Cró, cró!*

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

MIRAND' Ó CHAU

—

(IMITACION DE BERANGER)

Dios, non atopando
Cousa en qu' entreterse,
Farto d' estar solo
Cavilando sempre
En forxar cadeas,
Traballos e pestes;
A razon buscando
Y-a causa en que pende
Que tan poucas almas
Pol-as portas ll' entren,
D'o seu paradiso
Deixand' os verxeles,
Saleu de apaseo
Certa mañá quente
D'o reuma e d'a gota
Por esparexerse.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INOVAT

Como é xa velliño
Y-o coitado vése
Tocante á saúde
Moi pouco valente,
Cansóus' ós dous pasos;
Mais com' alí arrentes
Topase un asento,
Sentóuse y-alegre
Por cima d'as nubes
Asomando a frente
Y-a terra buscando
C'os ollos celetes,
—*¡Caráspeta!* dixo
Falando entre dentes:
Si dou c'o ese mundo
Q' o demo me leve.

Debéu d' atopalo,
S'o conto non mente,
Por qu' él d' alí á pouco
Quedóu com' a neve,
C'os ollos crabados
Que espantan e feren,
N'un bulto qu' iñoro
S' é d' home ou de verme
Miróuno dispacio
E víu qu' era un ventre
Co'as sedas vestido
Máis ricas d' Oriente.
N'un sólio sentado
Qu' envidian os reises
Y-en capa revolto
De tépedas peles,
Ceibando saudabres
Arrotos d' henchente,
D'a terra, sua escrava,
Recoll' os presentes;

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

E si hai algun louco
Que, pobre ou rebelde,
Diñeiro non teña
Y-á dárllo se negue,
O ventre que,.mudo,
Falar sabe ás veces,
Con solo que diga:
«¡Pauliña n'o herexe!»
O herexe é borrado
D'a lista d'a xente.
Mirand' este monstro,
Dios dixo entre dentes:
—*Bah, bah!... Si «tu es Petrus,»*
Q' o demo me leve.

Volvend' áutro lado
Sua testa solene,
Mirόu levantarse,
Rodeado de plebe
Qu' espera ó verdugo,
D' él ríndose mentres,
O *pau*,-a cucaña
D'a festa d'os xueces.

A vítima chega:
Quizáis é un imbécil,
Quizáis nacéu tolo,
Quizáis é inocente!...
Millor que matálo,
(Q' a mort' é un berze,
Dond' home, gran neno,
Descansa pra sempre)
Millor que matálo,
Tal ves conviñese
Metélo n'o fondo
De catro paredes,
Ou, preso ónh' argola

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

Q' á terra o suxete,
Mandálo abrir montes
E furar tuneles,
Dicíndolle: «sôfre,
Traballa e manténte,
Y-a libertá chora
Que tí non quixeches.»

Mais, non; é preciso
Que morra o que peque,
Y-o criminal morre...
Y-o críme repétese.
Parvo á tal escándalo,
Dios dixo entre dentes:
—*Si ch' esto é xusticia*
Q' o demo me leve.

Suspenso y-atóneto,
Non lexos moverse
Miróu de labregos
Un fato misérrime.
De malas patacas
Mantidos con leite,
Máis ben que non homes
Pantasmas parecen.
De cote fozando
N'a codia terrestre,
Toupeiras humanas
Que furan as seves,
O sangue d'as venas
Perdend' á torrentes
Traballan sin folgos
Un chau que n'é d'eles.
Traballan... y-o fruto
Que tras doce meses
De loita recollen
D'os éidos que atenden,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

Metá pr'ó *dominio*,
Metá pr'ós lebreles
D'o fisco e d'a curia,
Todiñol-o perden,
Quedándos' ó cabo
De tantos riveses
Sin pan pr'os seus fillos,
Nin gráu pr'a semente.
Y en tantó n'a aldea
Tod' esto acontece,
«Leis hai, dín os ricos,
Q' ós probes protexen...»
—*¡Qué leis, nin qué rayos!*
Dios dixo entre dentes:
Si valen tres pitos
Q' o demo me leve.

Non pára inda n'esto
O q' o chau ll' ofrece;
Q' a través mirando
D'as suas gafas verdes,
Víu deitarse méndegos
Que s' erguen marqueses:
Tal clás d' escrituras
Firmar indixentes,
Q' o cabo d'un ano
Non teñen albergue:
Soldados cobardes
Chegar á ser xefes,
E morrer sin groria
Os máis grandes héroes:
Pasar por honrados
Os q' honra non teñen,
Por santos os pillos,
Por xustos os débles:
Subir ós altares
Os q' á forca deben

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. AMPLIAT

Y-arrastrar carroza
Quen debe un grillete:
Chegar á podrosos
Venteiros d'aceite,
E comprar o ceo
Prestando á intereses.
Vend' esto, Dios dixo
Contr' o seu chaleque:
—*Si ch' outra vin nunca*
Q' o demo me leve.

Con noxo deixando
Tantas cativeces,
Inda n'outras cousas
Paróu Diol-as mentes.
Víu malos gobernos
Que falsos y-aleves
C'o xugo d'os povos
Engordan e crecen;
Cregos que, feroces
Como cáns doentes,
C'un fusil ó lombo
Predican ós fieles;
Ricos que roubando
As gavetas henchen;
Médecos d'as quintas,
Que dan por-encrenques
(Mediante catr' onzas
Cando non son sete)
Moziños, q' ó cabo
Tocan o pendengue
A seus pais perdendo
C'o aforro que perden:
Homes esfameados,
Emporras mulleres,
Espigados nenos
Que non saben lére,

REAL ACADEMIA GALEGA · COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

Y-en fin, cantas cousas
Que non deben verse,
Que Dios, harripiado,
Y-as creces facéndose,
Conecid' a causa
De q' o inferno medre.
Metéuse n'a groria
Decindo entre dentes:
S' eu fixen tal mundo
Q' o demo me leve.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

AS CARTAS

I

—Fénde, nena, esa foupa, e bota leña
Pra q' arda ben o lar:
Teu pai ven esta noite, e cando veña
Vaise querer quentar.

—Diol-o saque con ben d'esta xornada!
—Amen, filliña, amen!
Xunta, xunta esa cinza esparramada
Pra que se quente ben.

—Cántas bestas levóu?—Todal-as suas
Y-os potros de Pardal.
—Pois d'esta somos ricos... Sete e duas
¡Nove cargas de sal!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

—Ricos?... Ai, ogallá! nadia ch' é rico
C'o esta contribucion.
—Nove cargas de sal á tres e pico,
Cántos pesos compón?...

II

Así, ó calor d' amortecida lume
Falaban filla e nai,
Mentras, c'o vento reloitando, o fume
Pol-a troneira sai.

E d'un candíl, com' o candíl d'a morte,
Ó fusco resprandor,
Buscóu a nai n' unha baraxa a sorte
De seu ausente amor.

III

. . . . . .
Alegre, por camiños, n'a de copas
Pensando... Esta son eu—
Por entr' homes d' espadas... ¿Serán tropas?—
Con fortuna rompéu...

Rompéu?... Pois asosega, non t' espantes,
Nin tremas, corazon.
No... ben mirado, as cartas pr'os amantes
Qué gasalleiras son!

Peligros con vitoria, cavilando
En prendas de valer...
Logo salvárons' él y-o contrabando?...
¡Quén ch' o verá correr!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. IMMORTAT.

Pero cala! *Tras d' él, con picardía,*
Catr' homes d' armas van:
Disgracia n' unha vreda.—¡Ave María!
¡Qué cousas m' hoxe sán!

Bah! Por forza anda mal esta baraxa.
Málias quén' enventou!
Sempre prenosticándom' a mortaxa,
E sempre m' enganou.

Non-o digo?... Petando están á porta.
Vai abrir, nena, vai,
Entramentres q' atizo a lume morta
Pra se quentar teu pai.

. . . . . .

IV

¡Non mintían as cartas, non mintían!
Cand' a miniña abríu,
Dar créto, afé, seus ollos non podían
Ó q' alí estonces víu.

Pol-os gardas fronteiros atrapado
Vindo de Portogal,
Entróu, sobr' unha besta esmiolado,
O traficante en sal.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

PELEGRINOS, Á ROMA

A ira de Dios, en labarada ardente,
Cinguíu d'o Vaticano a cima escura
Y-endómeta, estralante, xorda, dura,
Prendéu d'o falso Cristo n' aspra frente.

Queimad' o altar, sin sólio en que s' asente,
Rodóu por terra o ídolo d' altura,
Y-a boca abrindo desdentada e impura
«Valéime aquí!» berróull' á turba crênte.

Romeiros, acudí!... Sinistro e fosco,
O incendio crece q' a razon atiza;
Cai o Papado, a Fe cheir' á chamosco!

Acudí, pelegrinos!... que n'a liza
Que contr' a Libertade abríu con vosco,
A besta apocalíutica... aguniza.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGAT INNOVAT

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

SÓLA

Sóla!... tan sóla cando todos antes
Tras d' ela viñan con lascivo ollar
D'os seus beizos purísimos y-amantes
A virxinal surrisa por buscar.

Tan sóla... cando todo parecía
Un concerto inmortal d'éla arredor,
Unha celest' e branda sinfunía
De garruleiros páxaros d' amor!

Morrer n'o fogo d'a ilusion primeira,
N'esa mañan azul d'a mocedá!...
Ver nacer unha fror n'a primaveira
E vela morta pol-o outono xa!...

Ai! Será a morte nada máis q' un sono?
Tras d'o outono d'a vida qué hai pra nos?
Colombo topa un mundo n'un outono...
¡Quén tan dichoso que topase á Dios!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

TEMPRO DESERTO

Como acendida lámpara en estreito
Pechado camarin,
Así, n'o santuario d'o meu peito
Arde unha lus sin fin.

Cand' a sua llama gunizando lenta
Boquea e vai morrer,
Sopro de fé seu pálido alimenta
E vólvese acender.

Mais d'o meu peito n'a profunda calma
Non hai altares... Ah!
A lámpara d'o tempro d'a miñ' alma
A quén alumará?...

Si algun topás, viaxeiros d'esta vida,
En que creades vós,
¡Poñeino ante esta lámpara acendida,
Que está esperand' un Dios!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INFIXAT

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

ALBORADA

Escoitade! De fondas queixas cheo
Brota d'a terra un misterioso canto;
Rayos de branca lus tinxen o ceo,
Rompe a mañá d'o celestial encanto.
D'a caixa de Pandora
Sobr' a patria deitada,
Que peste e mónstros gomitóu cad' hora,
Vai a Espranza surxir consoladora
Que quedaba n'o fondo acurrunchada...

¡Ouh, Libertá sagrada,
Alba de groria pr'o oprimido mundo,
D'os povos deseada
Que escravos viven en dolor profundo!
Esparéxe, querida,
D' escura noite as trévoas cenizentas,
De verdugos e déspotas garida,
E fuxan medoñentas,
Seguidas d'o seu lívido aparello,
Diante de tí as visiós d'o mundo vello!

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. AMPLIAT.

Águia d' áureo piteiro,
D'ese mundo d'horror sobr' os escombros
Bate xa as álas ó Porvir lixeiro...
¡Xunta esas forzas, mozedá, d' aceiro,
Si queres que se pouse n'os teus hombros!

Dispoñei, dispoñeivos pr'a seitura,
Cansados labradores;
E si frutos queredes de dozura,
Dond' agora herba ruin e grama dura
Ceibai novas ideas, novas frores.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

INÉDITAS

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

CARTAS PERDIDAS

De Grigoria de Leborin
á MARCOS D'A PO.T ELA.

I

De te non ver tempos hai
Díxome que morro o crego,
E pol-a posta que sai
Esta che mando, que vai
Esquirta en verso gallego.

Que pra falar moito e ben
Sin què s'enteire ninguen
D'o que n'o peito s'encerra,
Naide as endrómenas ten
D'a lengua d'a nosa terra.

Pois non ch'hai can que ch'a roa
Nin gorxa á que ben se axeite,
Si non a herdou de sua al oa,
Ou con anacos de broa
Non comeu cuncas de leite.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

Dend'o derradeiro outon
Non sei que é de tí, y-afellas
Qu' o sinto n'o corazon.
¿Qué che pasou dende enton
Vello d'as brancas guedellas?

Por estes povos d' aquí
Quérenche tanto, meu vello,
Que dende que faltas tí
Naide baila, nin se rí,
Nin hai gaita n'o concello.

Por aquí correu a nova
De que por amor d'a proba
De certa clás de mazá
Pillache unh' enfermedá
Que t' houbo levar á coba.

¡Mália quen foi causonante
De disgracia semellante,
E quen alá te levóu!
¡N'a miña compaña amante
Nunca outra tal che pasóu!

Non sei si será verdade;
Pero si o for, meu amigo,
Ten conta... que n'a tua idade
Poden acabar contigo
As pasiós d'a mocedade.

Tamen por aquí se dixo
Que á Vigo, por vel-o mar,
A sorte levarte quixo,
E tanto mirarcho fixo
Que t'houbeches d' afogar.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

Tales contos son quizáis
Brafullas que o povo frauga,
Y-a últema moito máis,
Pois tí eres d' aquela cláis
Que non s' afogan en auga...

Con estas y autras sonadas
Colléume tal sentimento,
Que ont' á noite, ás nove dadas,
Créndome nas boqueadas
Mandei facer testamento.

MARCOS, si me queres ver
Con vida, e matar non queres
Ésta coitada muller
Que tanto, tanto te quer,
E que tí tan pouco queres,

Déixate ver, meu amor;
Mándam' ese papeliño
Qu' é o meu-médeco millor
Y-adios; e faime o favor
D' unha pucha pr' o miniño...

II

De sofrir n'o leito farta,
Topábame ó sol n'a horta,
Cando lín, de pena morta,
A tua aguda e longa carta.
¡Centella ch'a nunca parta,
Qué saya che me recurta!;
Mais anque o creto me furta
Y-estou cal sardiña firta,
Alcóntroa tan ben esquirta
Qu' inda me parece curta.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Por máis que cal n' un sarillo
Me estou devanando á cholla,
S' acerto ¡qu' inda me tolla!
Por qué me négal-o fillo.
Non diche en mal estrivillo,
Vello d'a cara d' esguello.
O diaño che da consello
Pra te fuxir pol-o atallo,
Mais s' entra o xuez n'o allo
Non ch' á valer ser can vello...

Dís que non queres que á rés
Che boten fillos ningús...
¡Pois anque che pese a crus
Has de cargar c'o que tés!
En vano negal-o qués;
Que n'o corpo e n'as fauciós
'Tan teu fillo o fixo Dios
Y-herdou tanto o teu carís,
Qu' hastra ten, cal tí, o pitís,
Un luar... entr' os riñós.

¿Mais probas? Teño un millon.
¿Mais testigos? Teño cen,
Pra que digan, si á mau vén,
Cómo foi e cómo non.
Atopeite indo o feiron
Por entr' unha carballeira.
Atentáchesme... eu, lixeira,
N' un carballo m' escondin
E... ¡cóm' ha ser!... era, ó fin,
O tempo d'a sementeira!...

Pra arrenegar ó pecado
'Tanto botei á rezar,
Que viñeron á guichar
'Tres homes tras d' un valado.
Sintindo o demo n'o estrado,

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

Sin saber qué xeito tome,
Volvendo pol-o meu nome
Din en berrar:—¡Meus amigos!
¡Vostedes me sean testigos
De cómo me tenta est' home!

Pra c'oa teima me sair
Que teño aldrabas xa ves.
Olla dónde pol-os pes,
Que te podes escurrir.
Cantas probas me pedir
Tantas ó xuez terá;
Mais si por cuaselidá
For en contra miña o fallo,
¡Que n'o pau d' aquel carballo
Te leven á eternidá!

Si son pormesas ó vento
As que m' estónces fixeches,
Pra qué, argalleiro, me deches
Palabra de casamento?
Qué foi d'o teu xuramento
Si á cabo non-o has levar?
Si non has de apadriñar
O rapaz, que é meu argullo,
¿Pra qué mercache un burullo
Con que ó neno emburullar?

E non de coraxe cego
Repoñas ó qu' aquí digo,
Que ántes de ter un contigo
Tiven un fillo d' achego.
D' un crego foi; non-o nego.
Mais s' oiras os sermós
D'o abade de Zarracós
Pasárasm' estas loucuras,
Pois «sólo as amas d'os curas
Estan en gracia de Dios.»

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INVOLVAT

MARCOS, pon á mau n-o peito
E salva ésta probe nai.
Pra te negar á ser pai
D'o rolo non tés direito.
Non me fagas porche preito
Por que vas tér que facer;
Que tanto hei de remexer
E tanto hei de traballar,
Que, ou contigo m' hei casar,
Ou n'unha forca t' hei ver.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

* * *

T'en a serena o canto,
Y-a serpe o alento;
O lago ten á onda,
Dios ten o inferno.
Tí tés d' abondo
C'o que tés escondido
N' eses teus ollos.

O trono d'os monarcas,
D'o sabio os trunfos,
A groria d'o poeta,
O ouro d'o mundo:
Dera eso todo
Por sólo unha mirada
D' eses teus ollos.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

Buscan os pitorreises
Pra facer niño,
A herba santa que nace
Veira d'os rios.
Eu busco sólo
Unha mirada meiga
D'eses teus ollos.

Cando se pon a lua
Tras d'os penedos,
Choran as estreliñas
Todas d'o ceo.
Tamen eu choro
Cando non m' alumean
Eses teus ollos.

